



CONCELLO DE
OLEIROS

**ACTA DA SESION ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO LUGAR
O DIA TRINTA (30) DE XUÑO DE 2022**

No salón de sesións, sito no andar primeiro de Casa Charry, ás 20:00 h. do día 30 de xuño de 2022, ten lugar sesión ordinaria do Concello Pleno, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o alcalde, D. **Ángel García Seoane**, asistindo os membros da Corporación seguintes:

GRUPO MUNICIPAL “ALTERNATIVA DOS VECIÑOS” (A.V.)

- D^a M^a José Varela Neira.
- D^a M^a Esther Isabel Garrido Pan.
- D^a Margarita Figueroa Vázquez.
- D. Antonio Molinos Marcote.
- D^a M^a Teresa Vázquez Maseda.
- D^a Rosa M^a Méndez Gómez.
- D. Jaime Rumbo Mosquera.
- D. Pablo Cibeira Taboada.
- D^a M^a José Santos Zas.
- D^a Sandra Fernández Fernández
- D^a Marta M^a Martínez Martínez.

GRUPO MUNICIPAL “POPULAR” (P.P.)

- D. José Ángel Bonome González.
- D. Jorge Platas Casal.
- D^a M^a Dolores Silva Núñez.
- D. Antonio Javier Corredoira Alfonso.

GRUPO MUNICIPAL “SOCIALISTA” (PSdeG-PSOE)

- D. Jorge Pérez Méndez.
- D^a Anna Margarita Candal Malvís.

GRUPO MUNICIPAL MIXTO-CIUDADANOS

- D. Manuel Jesús José Moinelo Allegue.

Non asiste:

- D^a Aurora Belén Taboada Casal, concelleira do grupo municipal “Alternativa dos Veciños”.
- D. Xurxo Martínez Caño, concelleiro do grupo municipal “Mixto-BNG”

Da fe dos acordos tomados, M^a Pilar Cela Álvarez, secretaria accidental do Concello. Faise constar que está tamén presente o interventor municipal, Vicente Calvo del Castillo.



CONCELLO DE
OLEIROS

Logo de comprobar que concorre o quórum de asistencia que esixe o art. 46.2.c) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local para que teña lugar validamente a sesión, o alcalde a declara aberta e antes de iniciala manifesta que existe un Manifesto do Concello de Oleiros con motivo do 28 de xuño, Día Internacional do Orgullo LGTBQIA+ á que dá lectura a voceira do goberno municipal da “Alternativa dos Veciños”, D^a M^a José Varela, preguntando antes qué grupos apoian este Manifesto; ao que os grupos lle contestan que todos a excepción do grupo municipal popular. Transcríbese o Manifesto:

MANIFESTO CON MOTIVO DO 28 DE XUÑO, DIA INTERNACIONAL DO ORGULLO LGTBQIA+

“O 28 de xuño de 1969 tiña lugar nun local LGTBQIA+ de Nova York unha redada policial. Outra máis, outro acto máis de violencia contra o colectivo, múltiples e moi frecuentes por aquel entón, polo mero feito de ser, existir e intentar vivir libremente. Mais nesta ocasión, foi diferente: coa fartura e o esgotamento que xeran as inxustizas, desta vez, as persoas que alí se atopaban alzáronse contra as cargas, en protesta contra a violencia da que eran receptoras. Isto desencadearía un fito histórico: o comezo das mobilizacións do colectivo LGTBQIA+.

Por vez primeira, alzaban a súa voz conxuntamente para condenar a violencia a que estaban sometidas, e para esixir os dereitos que lle estaban sendo vulnerados. Así, xiraron o temón da historia, comezando unha longa viaxe en prol da igualdade, a liberdade e o respecto cara a diversidade. Todo isto a través do revolto mar do activismo, a loita e a memoria.

O pasado martes 28 de xuño de 2022, 53 anos despois, as reclamas seguen sendo as mesmas. Se ben é certo que paseniñamente fomos acadando dereitos e recoñecementos, tamén é certo que queda moito camiño por andar para unha consecución real e efectiva da igualdade. As persoas LGTBQIA+ seguen a ser receptoras de agresións físicas, verbais, discriminacións, prexuízos, rexeitamento social e, polo tanto, violencia, moita violencia.

Nos últimos anos, o avance da extrema dereita, tanto a nivel estatal como internacional, así como as posicións de diferentes institucións, organismos e entidades (institucións eclesiásticas, medios de comunicación, grupos de presión etc.) que comparten un marcado posicionamento homofóbico e opóñense directamente ao avance dos dereitos das persoas LGTBQIA+, constitúen un freo e un obstáculo nos avances cara a igualdade. Nestas posicións ideolóxicas conservadoras e pouco democráticas, carentes de respecto polos principios da igualdade e a diversidade, os intentos de instaurar o que pensan que é a ‘forma correcta’ de ser, sentir e vivir son reiterados.

No seu esquema de patróns estreitos, a diversidade non ten cabida. Semella, logo, que estamos a vivir tempos escuros onde as enerxías, no canto de centrarse na consecución de novos dereitos, invístense na defensa dos xa outrora recoñecidos por mor dos continuos intentos de arrebatárnolos. E é que a loita e o activismo continúan a ser fundamentais. Isto é, as xornadas reivindicativas como as do 28X, onde a xente alza a voz e pide igualdade de trato e democracia, seguen a ser vitais.

Mais esta é unha loita común, colectiva, conxunta, da que participamos tanto as persoas que conformamos o colectivo LGTBQIA+ como as que non. Así, é imprescindible que as Administracións públicas tomemos parte e nos posicionemos en prol da igualdade. Por iso, desde o Concello de Oleiros queremos continuar xerando palestras que visibilicen e reclamen a diversidade, e legislar para a consecución da igualdade. Reclamamos o dereito á igualdade na diversidade!

Defender e loitar polo acceso aos dereitos é responsabilidade colectiva, de toda a cidadanía. Porque si, os dereitos LGTBQIA+ son dereitos humanos e, como tal, dereitos fundamentais sobre os que se constrúe calquera sociedade que queira chamarse democrática. E o Concello de Oleiros é parte desta loita común. Queremos reincidir o noso compromiso en prol dos dereitos das persoas LGTBQIA+, así como na loita contra os intentos de retroceso que buscan devolvernos á invisibilidade, ao estigma, ao ‘nonser’, a un lugar do pasado cheo de odio, violencia e discriminación.

Pero, nin un paso atrás! Loitamos e facemos políticas concretas, con feitos, que permiten que en Oleiros medre unha xuventude diversa, respectuosa, inclusiva, libre e independente.



CONCELLO DE
OLEIROS

Loitamos colectivamente por acadar a igualdade e a xustiza social.

Loitamos para que ningunha persoa volva ser discriminada e violentada pola súa orientación sexual, identidade e/ou expresión de xénero e/ou sexo.

Loitamos por conseguir unha sociedade na que a igualdade sexa real e efectiva e non unha simple declaración de intencións.

Porque si, somos libres de amar, libres de ser e libres de existir. Porque non hai igualdade sen diversidade!”

Intervén o voceiro do grupo “Popular”, D. **José A. Bonome**, explicando que apoian e solidarízanse co movemento LGTBQIA+ e rexeitan calquera apelación a valores ideolóxicos, culturais, tradicionais ou relixiosos, para xustificar calquera tipo de discriminación. Condenan enérxicamente calquera forma de violencia, incluíndo tanto a violencia física, como a verbal, a humillación e menosprezo que teña na súa orixe a orientación sexual e a identidade de xénero. Lamentan profundamente non apoiar este Manifesto e que non fose lido como Declaración Institucional, porque unha vez máis e xa non é a primeira, non foi consensuada cos outros grupos políticos e de ningún xeito poden aceptar certas frases do Manifesto, onde se da a entender inclinacións homófobas vinculadas a determinados pensamentos políticos ou determinadas institucións. Non poden entender que acusen a outros de homófobos cando precisamente o grupo de “Alternativa dos Veciños” encabezado polo Alcalde e autores deste Manifesto, decláranse seguidores dun dos peores homófobos recoñecidos, como é o Che Guevara.

De seguido, procédense a tratar os asuntos incluídos na orde do día contida na convocatoria realizada por Decreto da Alcaldía nº 2022003169, de 27 de xuño, que son os seguintes:

- 1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión plenaria que tivo lugar o día 26 de maio de 2022.
- 2º.- Aprobación definitiva, se procede, da modificación Ordenanza Fiscal nº 13 reguladora do imposto sobre incremento do valor dos terreos de natureza urbana.
- 3º.- Aprobación, se procede, da Ordenanza das condicións básicas de emisión e uso das tarxetas de estacionamento para persoas con discapacidade e mobilidade reducida.
- 4º.- Adopción de acordo en orde ó encargo da xestión do “servizo de abastecemento domiciliario de auga potable” á entidade pública AQUAOLEIROS SA.
- 5º.- Adopción de acordo en orde á clasificación do ente público AQUAOLEIROS SA.
- 6º.- Dar conta dos Decretos da Alcaldía, desde o nº 2022002367 ata o nº 2022003148 (incluídos).
- 7º.- Mocións, rogos e preguntas.

Punto 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión plenaria que tivo lugar o día 26 de maio de 2022

Consonte ó art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o alcalde pregunta se algún dos asistentes á sesión ten que formular algunha observación ou reparo ás actas que se achegaron para aprobar coa convocatoria desta sesión.

Non formulándose nin observacións nin reparos, da orde do alcalde pásase de seguido á votación amosándose o resultado da unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, é dicir, **dezanove (19) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; catro (04) do grupo municipal “Popular”; dous (02) do grupo



CONCELLO DE
OLEIROS

municipal "Socialista" e un (01) do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos, polo que o Concello Pleno aproba a acta da *sesión plenaria de 26 de maio de 2022*.

Punto 2.- Aprobación definitiva, se procede, da modificación Ordenanza Fiscal nº 13 reguladora do imposto sobre incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

Expón o asunto da orde da alcaldía a voceira do goberno municipal da "Alternativa dos Veciños", D^a **M^a José Varela**, explicando que dentro do prazo de exposición pública do acordo inicial de modificación desta Ordenanza Fiscal nº 13 presentáronse alegacións por Ana Amaro Pérez, Julio César Amaro Pérez, Alejandra Isabel Amaro Pérez e Purificación Pérez Rocha, fundamentándose en primeiro lugar nunha cuestión de inconstitucionalidade, baseándose en que en data 22 de febreiro deste ano o Tribunal Constitucional admitiu a trámite dous recursos de inconstitucionalidade, o recurso 735 e 825 do 2022. Dí que en segundo lugar fundaméntase nos efectos retroactivos da Ordenanza, argumentando que non pode ter a modificación das ordenanzas aplicación con carácter retroactivo, que se trata dun imposto de carácter potestativo, estando a súa aplicación suxeita a un acto expreso de imposición e ordenación e ter rematado o prazo de seis meses establecido no RDL 26 do 2021 para que os Concellos adaptasen as ordenanzas ao novo texto legal. Continúa dicindo que unha vez vistos os informes técnicos sobre estas alegacións, expón a contestación sobre a primeira alegación de inconstitucionalidade, decindo que en tanto o Tribunal Constitucional non resolva os recursos de inconstitucionalidade presentados e declare en todo caso a inconstitucionalidade do RDL 26/2021, a normativa dictada sobre do mesmo, como é o caso, a adaptación dos artigos da Ordenanza Fiscal número 13 ao previsto nos artigos modificados no texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais é totalmente válida. E, en contestación á segunda das alegacións sobre os efectos retroactivos na súa aplicación, dí que a Disposición Transitoria da Ordenanza non establece a aplicación retroactiva das modificacións que se aprobaron inicialmente no pleno de 31 de marzo, simplemente a través da disposición transitoria preténdese regular a procedencia da aplicación do disposto no RDL 26/2021 en tanto non entren en vigor as modificacións propostas, idéntico contido figuran na disposición transitoria única no mencionado RDL 26/2021, polo tanto dí que Oleiros non está a inventar nada.

En canto á ausencia de acto de imposición e ordenación do imposto, dí que no pleno de data 21 de marzo de 2003 adoptáronse estes acordos e publicándose o Texto íntegro da Ordenanza Reguladora do tributo, no Boletín Oficial da Provincia nº 129 de 7 de xuño do 2003. O Concello cumpriu o establecido no primeiro parágrafo da Disposición Final única do Real Decreto elevando ao pleno a modificación da Ordenanza Fiscal nº 13 dentro do prazo de seis meses da entrada en vigor do citado RDL 26/2021, para a súa adecuación ás modificacións operadas no texto refundido da lei reguladora das facendas locais e facendo constar na disposición transitoria a procedencia da aplicación do disposto no citado RDL en tanto non entrasen en vigor as modificacións, polo que procede desestimar todas as alegacións e aprobar definitivamente a Ordenanza Fiscal nº 13 Reguladora do Imposto sobre o Incremento do valor dos terreos de natureza urbana.



CONCELLO DE
OLEIROS

Intervén o voceiro do grupo “Popular”, D. **José A. Bonome**, sinalando que este imposto é inxusto no que se grava varias veces o mesmo ben, pero tamén entenden que estes impostos supoñen uns ingresos importantes para o Concello, preto de 1.300.000 euros ao ano e que non se poden prescindir deles, sendo necesario para o normal desenvolvemento do Concello, polo que en base a non perxudicar os servizos municipais, o grupo municipal “popular” vaise abster neste punto.

Intervén o voceiro do grupo “Socialista”, D. **Jorge Pérez**, manifestando que en consonancia co que fixeron no pleno onde se aprobou inicialmente a modificación da ordenanza, van a votar en contra e comezan retrotraéndose ao pleno de 4 de novembro, no cal o Alcalde afirmou textualmente que a plusvalía ten dúas vertentes, por unha banda se hai un lucro da compravenda, é lóxico que se pague a plusvalía, pero cando hai un pai que lle dá un terreo ao seu fillo, teña que pagar esa plusvalía, cando seguramente xa o pagou cando o mercou, pensa que nas herdanzas non debería cobrarse ese imposto porque é inmoral e iso é o que dixo o alcalde no pleno do pasado 4 de novembro. Posteriormente e, estando de acordo con ese plantexamento, o grupo municipal “socialista” presentou unha moción e propoñía que aplicaran o que permite a Lei que é unha bonificación do 95% para transmisións “mortis causa” e o grupo municipal “Alternativa dos Veciños” rexeitou esta moción e agora tráese ao pleno unha modificación da ordenanza urbanística, na cal, ademais de non aplicarse o manifestado polo Alcalde, deixando de manifesto a súa demagogia, soamente aplica un 50% de bonificación, cando manifestou en repetidas ocasións que non tiña que pagarse cando se transmite via hereditaria.

Outra das razóns polas que votan en contra é porque os Oleirenses van a pagar o imposto mais caro de España, xa que nesta modificación vaise ao límite en canto ao tipo impositivo, o tipo de gravámen que aplican é o mais alto que permite a Lei Estatal e vaise tamén ao límite en canto aos coeficientes de revalorización para o cálculo do imposto.

E, en terceiro lugar, pensan que non é necesario agora mesmo, xa que o Concello ten un grado medio de execución nos 7 anos que leva de concelleiro do grupo municipal “socialista”, do 62%, 63% do presuposto de gastos e a verdade é que non é necesario ir ao límite nos tipos impositivos, coeficientes e poderíase perfectamente aplicar esa bonificación do 95% que suporía practicamente a eliminación do imposto para as transmisións “mortis causa”, algo que o Pleno considerou inmoral que se aplicara e recrimínalle ao Alcalde que o que dí non se traduce en feitos.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-Ciudadanos, D. **Manuel Moinelo**, sinalando que como xa fixeron no pleno anterior que houbo sobre esta ordenanza, están de acordo co manifestado polo concelleiro do grupo municipal “popular”, sendo este imposto necesario para o desenvolvemento da vida municipal, podendo como moito discernir si é alto ou baixo, pero que tendo en conta que os propios impostos que se lle cobran aos cidadáns, repercuten despois nos propios cidadáns doutro xeito, pois van a votar a favor.



CONCELLO DE
OLEIROS

Intervén a voceira do goberno municipal da “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, para responder á intervención do grupo municipal “socialista” decindo que xa ten ao Pleno acostumado a súa demagogia e efectivamente aprobouse inicialmente esta ordenanza pero aprobouse cunhas bonificacións importantes, partindo da base que o Concello de Oleiros ten unha ponencia de valores que non se renova dende fai máis de 25 anos, polo tanto os valores son mois baixos e esa cantidade non é excesiva. O concello necesita recursos para poder xestionarse e non pensa que o concelleiro do grupo municipal “socialista” vaia a ter a oportunidade de xestionar os orzamentos municipais, pero se a tivese seguramente non falaría así.

Contéstalle o voceiro do grupo “Socialista”, D. **Jorge Pérez**, decindo que a él lle parecen importantes as bonificacións aplicadas, a quen non lle pareceron importantes foi ao Alcalde cando entrevistou no pleno do 4 de novembro, que dixo que lle parecía inmoral, o que lle parece absolutamente incoherente. Repite que se van a pagar os impostos mais caros de España por coeficientes e por tipo impositivo e, tendo en conta que gracias a eso se conseguen ano tras ano importantes superávits, pois non lle parece que faga falta ir ao límite en tipos impositivos e este concello poderíase permitir o luxo, que non é tal, de aplicar ese 95% de bonificación para transmisións “mortis causa”.

Intervén o Alcalde, D. **Angel García**, decindo que a ordenanza se revisa por parte do Goberno, revísase á baixa pensando nas persoas, nas familias, pensando nas herdanzas e este concello é un dos poucos en España que leva sin revisar por Facenda, xa que o Concello de Oleiros impediu esa revisión, o incremento do prezo das propiedades no municipio. Revisión que fixo hai anos Facenda, incrementando os prezos e que o Concello dende ese ano entendeu que non se podía incrementar mais o valor das propiedades que os cidadáns teñen en Oleiros, e en base a eso modifican a Ordenanza

Intervén novamente o voceiro do grupo municipal “socialista” decindo que os valores catastrais aínda que o goberno di que non se revisan desde fai moitos anos, él ten unha nota de prensa onde di que se revisaron no ano 2009; ao que o Alcalde contéstalle que iso non é verdade.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 27 de xuño de 2022, acadándose o resultado de **trece (13) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos; **un (01) voto en contra** do grupo municipal “Socialista” e **cinco abstencións** (catro (04) do grupo municipal “Popular” e un (01) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Tendo en conta os artigos 104 e seguintes do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais é á vista do informe emitido polo TAE Inspección Tributaria de data 16 de xuño do 2022 en relación ás alegacións presentadas por Ana Amaro Pérez, Julio César Amaro Pérez, Alejandra Amaro Pérez e Purificación Pérez Rocha, a medio de escrito rexistro de entrada número 2022008869, de data 16 de maio do 2022, contra a aprobación inicial da



CONCELLO DE
OLEIROS

modificación da Ordenanza fiscal número 13, reguladora do Imposto sobre incremento do valor dos terreos de natureza urbana, aprobadas polo Pleno do Concello en data 31 de marzo do 2022, propónse ao Concello Pleno, adopción de acordo de:

Primeiro: Desestimación das alegacións presentadas por Ana Amaro Pérez, Julio César Amaro Pérez, Alejandra Amaro Pérez e Purificación Pérez Rocha, a medio de escrito rexistro de entrada número 2022008869, de data 16 de maio do 2022, contra a aprobación inicial das modificacións da Ordenanza fiscal número 13, reguladora do Imposto sobre incremento do valor dos terreos de natureza urbana.

Segundo: Aprobar definitivamente o texto dos artigos 3º, 4º, 6º, 8º, 9º, 10º, 12º, 14º e disposicións adicional e transitoria da Ordenanza fiscal nº 13, reguladora do Imposto sobre incremento do valor dos terreos de natureza urbana, aprobados inicialmente por Pleno de data 31 de marzo do 2022, cuxos textos son os seguintes

Artigo 3º

1.- Non está suxeito a este imposto o incremento de valor que experimenten os terreos que teñan a consideración de rústicos a efectos do Imposto sobre Bens Inmóveis. En consecuencia con isto está suxeito o incremento de valor que experimenten os terreos que deban ter a consideración de urbanos a efectos do Imposto de Bens Inmóveis, con independencia de que estean ou non contemplados como tales no Catastro ou Padrón de aquel.

2.- Non se producirá a suxeición ao imposto nos supostos de aportacións de bens e dereitos realizadas polos cónxuxes á sociedade conxugal, adxudicacións co seu favor e en pago destas verifíquense e as transmisións que se fagan aos cónxuxes en pago dos seus haberes comúns.

3.- Tampouco producirase a suxeición ao imposto nos supostos de transmisións de ben inmóveis entre cónxuxes ou a prol dos fillos, como consecuencia do cumprimento de sentencias nos casos de nulidade, separación ou divorcio matrimonial, sexa cal sexa o réxime matrimonial.

4. Non se producirá a suxeición ao imposto nas transmisións de terreos respecto dos cales se constate a inexistencia de incremento de valor por diferenza entre os valores de dichos terreos nas datas de transmisión e adquisición.

Para elo, o interesado en acreditar a inexistencia de incremento de valor deberá declarar a transmisión, así como aportar os títulos que documenten a transmisión e a adquisición, entendéndose por interesados, a estes efectos, as persoas ou entidades a que se refire o artigo 7º desta Ordenanza.

Para constatar a inexistencia de incremento de valor, como valor de transmisión ou de adquisición do terreo tomarase en cada caso o maior dos seguintes valores, sen que a estes efectos poidan computarse os gastos ou tributos que graven dichas operacións: o que conste no título que documente a operación ou o comprobado, no seu caso, pola Administración tributaria.

Cando se trate da transmisión dun inmovible no que exista solo e construción, tomarase como valor do solo a estes efectos o que resulte de aplicar a proporción que represente na data de devengo do imposto o valor catastral do terreo respecto do valor catastral total e esta proporción aplicarase tanto ao valor de transmisión como, no seu caso, ao de adquisición.

Si a adquisición ou a transmisión foi a título lucrativo aplicaranse as regras dos parágrafos anteriores tomando, no seu caso, polo primeiro dos dous valores a comparar sinalados anteriormente, o declarado no Imposto sobre Sucesións e Doazóns.

Na posterior transmisión dos inmóveis aos que se refire este punto, para o cómputo do número de anos ao longo dos cales se puxo de manifesto o incremento do valor dos terreos, non se terá en conta o período anterior a súa adquisición. O disposto neste parágrafo non será de aplicación nos supostos de aportacións



ou transmisións de bens inmobles que resulten non suxeitas en virtude do disposto nos apartados 2 e 3 deste artigo ou na disposición adicional segunda da Lei 27/2014, de 27 de novembro, do Imposto sobre Sociedades.

5. Non se devengará o imposto con ocasión das aportacións ou transmisións de bens inmobles efectuadas á Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria, S.A. regulada na disposición adicional sétima da Lei 9/2012, do 14 de novembro, de reestruturación e resolución de entidades de crédito, que se lle transferisen, de acordo co establecido no artigo 48 do Real Decreto 1559/2012, do 15 de novembro, polo que se establece o réxime xurídico das sociedades de xestión de activos

Non se producirá o devengo do imposto con ocasión das aportacións ou transmisións realizadas pola Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria, S.A., as entidades participadas directa ou indirectamente por dita Sociedade en polo menos menos o 50% do capital, fondos propios, resultados ou dereitos de voto da entidade participada no intre inmediatamente anterior á transmisión, ou como consecuencia da mesma.

Non se devengará o imposto con ocasión das aportacións ou transmisións realizadas pola Sociedade de Xestión de Activos Procedentes da Reestruturación Bancaria, S.A., ou polas entidades constituídas por esta para cumprir co seu obxecto social, aos fondos de activos bancarios, a que se refire a disposición adicional décima da Lei 9/2012, do 14 de novembro.

Non se devengará o imposto polas aportacións ou transmisións que se produzan entre os citados Fondos durante o período de tempo de mantemento da exposición do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria aos Fondos, previsto no apartado 10 de dita disposición adicional décima.

Na posterior transmisión dos inmobles entenderase que o número de anos ao longo dos cales se manifestou o incremento de valor dos terreos non foi interrompida por causa da transmisión derivada das operacións previstas neste apartado.

Artigo 4º.- EXENCÍONS OBXECTIVAS

Están exentos deste imposto os incrementos de valor que se manifesten como consecuencia de:

a).- A constitución e transmisión de dereitos de servidume.

b).-As transmisións de bens que se atopan dentro do perímetro delimitado como Conxunto Histórico-Artístico, ou estean declarados individualmente de interese cultural, segundo o establecido na Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, cando os seus propietarios ou titulares de dereitos reais acrediten realizadas ao seu cargo obras de conservación, mellora ou rehabilitación en ditos inmobles.

c) As transmisións realizadas por persoas físicas con ocasión da dación en pago da vivenda habitual do debedor hipotecario ou garante do mesmo, para a cancelación de débedas garantidas con hipoteca que recaia sobre a mesma, contraídas con entidades de crédito ou calquera outra entidade que, de maneira profesional, realice a actividade de concesión de préstamos ou créditos hipotecarios.

Así mesmo, estarán exentas as transmisións da vivenda en que concorran os requisitos anteriores, realizadas en execucións hipotecarias xudiciais ou notariais.

Para ter dereito á exención, requírese que o debedor ou garante transmitente ou calquera outro membro da súa unidade familiar non dispoña, no momento de poder evitar a enaxenación da vivenda, doutros bens ou dereitos en contía suficiente para satisfacer a totalidade da débeda hipotecaria. Presumírase o cumprimento deste requisito. Non obstante, se con posterioridade se comprobara o contrario, procederase a xirar a liquidación tributaria correspondente.



A estes efectos, considerarase vivenda habitual aquela na que figurase empadroado o contribuínte de forma ininterrompida durante, polo menos, os dous anos anteriores á transmisión ou dende o momento da adquisición se dito prazo fose inferior aos dous anos.

Respecto ao concepto de unidade familiar, estarase ao disposto na Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e de modificación parcial das leis dos Impostos sobre Sociedades, sobre a Renda de non Residentes e sobre o Patrimonio. A estes efectos, equipararase o matrimonio coa parella de feito legalmente inscrita. Respecto de esta exención, non resultará de aplicación o disposto no artigo 9.2 da citada lei.

Artigo 6º.- BONIFICACIÓNS

1.- Aplicaranse as seguintes bonificacións na cota deste imposto, en función dos seguintes tramos de valor catastral do solo do inmoble obxecto de transmisión e con independencia do valor atribuído ao dereito, ás transmisións de terreos e ás transmisións e constituicións de dereitos reais de goce limitativo do dominio, realizadas a título lucrativo por causa de morte a favor dos descendentes e adoptados de primeiro grao, dos cónxuxes e dos ascendentes e adoptantes de primeiro grao, cando o ben ou dereito obxecto da transmisión fose a vivenda habitual do causante á data do devengo do imposto, e polo menos durante os dous últimos anos, o que se acreditará cun certificado de empadramento:

Tramo de valor catastral	Bonificación
Menor ou igual a 20.000 euros	75%
Maior a 20.000 euros	50%

Nos supostos de que a transmisión do ben responda a un pacto de mellora ou apartación a bonificación por vivenda habitual só poderá aplicarse naqueles supostos en que o transmitente se reserve o usufructo do ben.

2.- Aos efectos do gozo da bonificación, equipararase ao cónxuxe a quen houbera convivido co causante, con análoga relación de afectividade e acredite en tal sentido, en virtude de certificado expedido ao efecto, a súa inscrición no Rexistro de Unións de Feito.

Artigo 8º.-

1.A base imponible deste imposto está constituída polo incremento do valor dos terreos posto de manifesto no momento do devengo e experimentado ao longo dun período máximo de vinte anos.

2.A base imponible deste imposto será o resultado de multiplicar o valor do terreo no momento do devengo polo coeficiente que corresponda ao período de xeración conforme aos coeficientes previstos no artigo 9º desta Ordenanza. **(Estimación obxectiva).**

3.Para determinar o valor do terreo, nas operacións que grava o imposto, atenderase ás seguintes regras:

a) Nas transmisións de terreos de natureza urbana ou integrados nun ben inmoble de características especiais:

O valor do terreo no momento do devengo será o que teña determinado a efectos do Imposto de Bens Inmóbiles de Natureza Urbana, proporcionado pola Xerencia Territorial do Catastro.

Cando o valor do terreo no Imposto sobre Bens Inmóbiles sexa consecuencia dunha ponencia de valores que non reflexe modificacións do planeamento aprobadas con posterioridade á aprobación de dita ponencia autoliquidarase provisionalmente de acordo a aquel. Nestes casos, a liquidación definitiva aplicarase sobre



CONCELLO DE
OLEIROS

o valor dos terreos unha vez se obteña conforme aos procedementos de valoración colectiva que se instrúan, referido á data do devengo. Cando esta data non coincida coa de efectividade dos novos valores catastrais, estes serán corrixidos aplicando os coeficientes de actualización que correspondan, establecidos ao efecto nas leis de presupostos xerais do Estado.

Cando o terreo non teña determinado valor catastral no momento do devengo, o Concello poderá liquidar o imposto cando o valor catastral sexa determinado, referindo dito valor ao momento do devengo.

Nas transmisións de inmobles nas que exista solo e construción:

O valor do terreo no momento do devengo será o valor do solo que resulte de aplicar a proporción que represente sobre o valor catastral total.

b) Na constitución e transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio:

O valor do terreo no momento do devengo será a parte do valor definido no apartado a) anterior que represente, respecto de aquel, o valor dos referidos dereitos calculados mediante a aplicación das normas fixadas a efectos do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados.

c) Na constitución ou transmisión do dereito a elevar plantas sobre un edificio ou terreo, ou o dereito de realizar a construción baixo solo sen implicar a existencia dun dereito real de superficie:

O valor do terreo no momento do devengo será a parte do valor definido no parágrafo a) anterior que represente, respecto de aquel o módulo de proporcionalidade fixado na escritura de transmisión ou, no seu defecto, o que resulte de establecer a proporción entre a superficie ou volume das plantas a construír en voo ou subsolo e a total la superficie ou volume edificadas unha vez construídas aquelas.

d) Nos supostos de expropiacións forzosas:

O valor do terreo no momento do devengo será a parte do xustiprezo que corresponda ao valor do terreo, salvo que o valor definido no parágrafo a) anterior fose inferior, en cuxo caso prevalecerá este último sobre o xustiprezo-

Artigo 9º.-

1. Determinado o valor do terreo, aplicarase sobre o mesmo o coeficiente que corresponda ao período xeración.

O período de xeración do incremento de valor será o número de anos ao longo dos cales se puxese de manifesto dito incremento. Os incrementos que se produzan nun período superior a 20 anos entenderanse xeradas, en todo caso aos 20 anos.

No cómputo do número de anos transcorridos tomaranse anos completos sen ter en conta as fraccións de ano.

No caso de que o período de xeración sexa inferior a un ano, será prorrateado o coeficiente anual tendo en conta o número de meses completos, é dicir, sen ter en conta as fraccións de mes.



CONCELLO DE
OLEIROS

Nos supostos de non suxeición, salvo que por lei se indique outra cousa, para o cálculo do período de xeración do incremento do valor posto de manifesto nunha posterior transmisión do terreo, tomarase como data de adquisición, aos efectos do disposto no parágrafo anterior, aquela na que ocorreu o anterior devengo do imposto.

O artigo 107.4 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo establece uns coeficientes máximos aplicables por período de xeración. Anualmente e segundo o RD-Lei 26/2021, de 08 de novembro, que modifica o art. 107.4 do TRLRHL, poden ser susceptibles de actualización e poderase levar a cabo mediante as leis de presupostos xerais do Estado. Estes coeficientes actualizaranse automaticamente unha vez publicada a norma estatal con rango de lei que os actualice.

O Concello aplicará os seguintes coeficientes segundo o período de xeración:

Periodo de xeración	Coficiente
Inferior a 1 ano.	0,14
1 ano.	0,13
2 anos.	0,15
3 anos.	0,16
4 anos.	0,17
5 anos.	0,17
6 anos.	0,16
7 anos.	0,12
8 anos.	0,10
9 anos.	0,09
10 anos.	0,08
11 anos.	0,08
12 anos.	0,08
13 anos.	0,08
14 anos.	0,10
15 anos.	0,12
16 anos.	0,16
17 anos.	0,20
18 anos.	0,26
19 anos.	0,36
Igual o superior a 20 anos.	0,45

No obstante o anterior, dado que os coeficientes máximos poden ser actualizados anualmente mediante norma con rango legal; se como consecuencia de dita actualización, algúns dos coeficientes regulados no presente artigo resultara superior ao novo máximo legal, aplicarase este directamente ata que se publique a Resolución da Alcaldía no Boletín Oficial da Provincial que actualice e corrixa dito exceso.

2. Cando o suxeito pasivo constate que o importe do incremento de valor é inferior ao importe da base imponible determinada dacordo co sistema de estimación obxectivo, poderá calcular a base imponible sobre datos reais (**Estimación directa**).



CONCELLO DE
OLEIROS

Para constatar dito feito, utilizaranse as regras de valoración recollidas no artigo no apartado 4 do artigo 3º desta Ordenanza.

Artigo 10º.-

A cota íntegra deste imposto será a resultante de aplicar á base imponible o tipo do 30%.

Artigo 12º.-

1.- O imposto devéngase:

a).-Cando se transmita a propiedade do terreo, xa sexa a título oneroso ou gratuito, entre vivos ou por causa de morte, na data da transmisión.

b).- Cando se constituía ou transmita calquera dereito real de goce limitativo do dominio, na data en que teña lugar a constitución ou transmisión.

2.- Aos efectos do disposto no apartado anterior, considerarase como data da transmisión:

a) Nos actos ou contratos entre vivos, a de outorgamento do documento público,e cando se trate de documentos privados, a da súa incorporación ou inscrición no Rexistro Público, ou a da súa entrega a un funcionario público por razón do seu oficio.

b) Nas transmisións por causa de morte, a do falecemento do/da causante.

c) Nas poxas xudiciais, administrativas ou notariais, tomarase a data do auto ou providencia aprobando o seu remate.

d) Nas expropiacións forzosas, a data da acta de ocupación dos terreos.

e) No caso de adjudicación de solares que se efectúen por Entidades urbanísticas a favor de titulares de dereitos ou unidades de aproveitamento distintos dos propietarios orixinariamente aportantes dos terreos, a protocolización da acta de reparcelación.

Artigo 14º.-

1. Os suxeitos pasivos estarán obrigados á presentación perante deste Concello declaración segundo o modelo determinado polo mesmo, que conterà os elementos da relación tributaria.

2.- Dita declaración deberase presentar nos seguintes prazos, a contar dende a data na que se produza o devengo do imposto:

a).- Cando se trate de actos “inter vivos”, o prazo será de 30 días hábiles.

b).- Cando se trate de actos “mortis-causa”, o prazo será de 6 meses prorrogables ata 1 ano a solicitude do suxeito pasivo.

3.- Nas transmisións “inter vivos”, xunto coa declaración aportarase obrigatoriamente o documento que conteña a transmisión gravada, que xeralmente será unha escritura pública, pero segundo o caso poderá ser: escritura pública ou documento privado de compravenda ou permuta, escritura de doazón, escrituras derivadas de operacións societarias, sentenza xudicial de adjudicación de bens inmoables, acta de expropiación forzosa ordinaria ou acta de pago do xustiprezo de expropiación forzosa urxente, escritura de constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio, etc.).

No caso de transmisións “mortis causa” aportarase xunto coa declaración a seguinte documentación:

-Certificado de defunción.

-Testamento.



CONCELLO DE
OLEIROS

- Certificado do Rexistro de actos de última vontade.
- Resguardo dos modelos 650 e D650 presentados a efectos do Imposto de Sucesións e Doazóns.
- Títulos de adquisición polo causante de tódolos inmobles engadidos na herdanza.
- Copia do DNI de tódolos herdeiros.

Cando se trate dunha transmisión “mortis causa”, na que a herdanza non se aceptase nin adxudicase, a documentación a aportar é a seguinte:

- Certificado de defunción.
- Testamento.
- Certificado do Rexistro de actos de última vontade.
- Resguardo do modelo 660 presentado a efectos do Imposto de Sucesións e Doazóns.
- Títulos de adquisición polo causante de tódolos inmobles engadidos na herdanza.
- Copia do DNI de tódolos herdeiros.

Para todos os casos, cando no documento da transmisión gravada non figure a data dos títulos anteriores polos que se adquiriu no seu día o inmueble obxecto de transmisión, aportarase copia dos documentos onde consten ditos títulos anteriores (escritura pública, nota rexistral, etc.).

No caso de declaración da non suxeición ao imposto por inexistencia de incremento real do valor do terreo ou por optar pola estimación directa da base imponible do imposto (incremento real do valor), debe aportarse necesariamente a seguinte documentación:

- Os títulos de adquisición e transmisión do inmueble (xeralmente escritura pública).
- No seu caso, os resguardos dos modelos 650, D650 do Imposto de Sucesións e Doazóns.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.-

Coa finalidade de manter actualizados os coeficientes contidos nesta Ordenanza e que puideran sufrir modificacións a través da Lei de Presupostos Xerais do Estado, o Pleno do Concello, como órgano competente para a aprobación dos mesmos, faculta á Alcaldía para actualizar o artigo 9º e os que resulten necesarios, mediante Decreto, para adaptar o seu contido ás modificacións que se poidan establecer polos órganos competentes do Estado, durante a vixencia desta Ordenanza e ordenando despois a preceptiva publicación do texto no Boletín Oficial da Provincia. Esta actualización non implica unha modificación da ordenanza.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Non obstante, para aqueles devengos producidos a partires do 10 de novembro do 2021 inclusive e polos que o obrigado presentou a declaración a que fai referencia o artigo 14º.1 desta ordenanza, en tanto non se produce a entrada en vigor das modificacións aprobadas polo Pleno de data 31 de marzo de 2022 liquidarase o Imposto polos servizos económicos deste Concello en base ao disposto polo Real Decreto Lei 26/2021, do 8 de novembro.

Nembargantes no momento en que estea dispoñible a aplicación informática para o cálculo deste imposto, mediante autoliquidación, o suxeito pasivo, presentaraa dentro dos prazos establecidos polo artigo 15º da ordenanza e en base ao disposto polo Real Decreto Lei 26/2021, do 8 de novembro.

Terceiro: Publicar o acordo aprobatorio definitivo xunto co texto íntegro dos artigos modificados da Ordenanza no Boletín Oficial de la Provincia.

Cuarto: Contra a aprobación definitiva poderase interpor recurso contencioso-administrativo durante o prazo de dous meses, contados a partir da publicación do anuncio no BOP.”



CONCELLO DE
OLEIROS

Punto 3.- Aprobación, se procede, da Ordenanza das condicións básicas de emisión e uso das tarxetas de estacionamento para persoas con discapacidade e mobilidade reducida.

Expón o asunto da orde da alcaldía a voceira do goberno municipal da “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, explicando que o Concello de Oleiros conta cunha ordenanza que se aprobou en sesión plenaria o 31 de maio do 1999 e dende entón a regulamentación das tarxetas de estacionamento sufriu cambios que viñeron marcados pola aprobación de nova normativa, tanto estatal como autonómica. Continúa explicando que a normativa nova supuxo un avance importante na mellora da calidade de vida de toda a poboación e especialmente das persoas con mobilidade reducida; aínda así pensa que segue a ser necesario avanzar de cara a conseguir unha sociedade máis inclusiva e accesible, capaz de garantir a autonomía das persoas, evitar a discriminación e favorecer a igualdade de oportunidades para toda a cidadanía, poñendo o foco naquelas persoas que teñen unha discapacidade física, sensorial e/ou intelectual, as persoas maiores, ou calquera outra persoa que teña unha diversidade aparelada a unha dependencia funcional. Di que o Concello de Oleiros debe promover a calidade de vida dos seus veciños/as poñendo especial atención nas persoas que se atopan con dificultades, polo tanto a finalidade da presente ordenanza é establecer unha regulación municipal acorde coa normativa actual e trazar os requisitos e procedemento para a expedición da tarxeta de estacionamento de vehículos automóbiles para persoas con discapacidade que presenten mobilidade reducida. Os cambios mais salientables desta ordenanza coa ordenanza que está en vigor ata este momento son primeiro que se regulan as condicións de uso da tarxeta e os dereitos e as obrigas das persoas titulares das mesmas; segundo que se modifica o período de vixencia da tarxeta de estacionamento, así, acorde a normativa actual, naqueles casos nos que a resolución determina o grao de discapacidade con carácter definitivo e se recoñeza o baremo de mobilidade, o período de vixencia da tarxeta será de dez (10) anos (agás nos casos nos que a resolución indique prazos de revisión previos); terceiro que excepcionalmente poderase conceder unha tarxeta extraordinaria provisional por razóns humanitarias naqueles casos en que, por mor dunha enfermidade ou patoloxía de extrema gravidade, se vexa reducida de forma substancial a esperanza de vida, de forma que razoablemente non se poda tramitar en tempo a solicitude ordinaria da tarxeta ou os documentos que permiten acceder a ela; cuarto que esta tarxeta extraordinaria tamén poderá expedirse se, presentada a solicitude de recoñecemento de discapacidade ante a Xunta, transcorresen tres (3) meses sen que caese resolución ao respecto; e quinto que o período de validez desta tarxeta será de seis (6) meses, prorrogable por outros seis (6) meses máis de persistir esas circunstancias.

Manifesta que tamén se regula o procedemento para a renovación da tarxeta e para a emisión de duplicados por extravío ou roubo e tamén se establece un procedemento sancionador, cun réxime de infraccións e sancións e propón ao pleno da corporación a aprobación inicial da ordenanza e proceder á exposición pública e audiencia aos interesados polo prazo de trinta días hábiles.



CONCELLO DE
OLEIROS

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de 'asuntos de competencia plenaria' que tivo lugar o pasado 27 de xuño de 2022, acadándose o resultado de **dezanove (19) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de "Alternativa dos Veciños", un (01) do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos; (02) do grupo municipal "Socialista" e catro (04) do grupo municipal "Popular").

En consecuencia e por unanimidade, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

"O Concello de Oleiros conta cunha ordenanza aprobada en sesión plenaria o 31 de maio de 1999, publicada no BOP Nº 146, do 29 de xuño de 1999. Dende entón a regulamentación das tarxetas de estacionamento sufriu cambios que viñeron marcados pola aprobación de nova normativa estatal e autonómica, entre os que se encontran, a nivel estatal, o Real decreto legislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral dos dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social; o Real decreto 1056/2014, do 12 de decembro, polo que se regulan as condicións básicas de emisión e uso da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade; e a nivel autonómico o Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia e a Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade.

A finalidade da presente ordenanza é establecer unha regulación municipal acorde coa normativa actual e trazar os requisitos e procedemento para a expedición da tarxeta de estacionamento de vehículos automóbiles para persoas con discapacidade que presenten mobilidade reducida.

Os cambios máis salientables desta Ordenanza, en relación a Ordenanza ata agora vixente, son os seguintes:

- Regúlanse as condicións de uso da tarxeta e os dereitos e as obrigas das persoas titulares.
- Modificación do período de vixencia da tarxeta de estacionamento. Así, acorde a normativa actual, naqueles casos nos que a resolución determina o grao de discapacidade con carácter definitivo e se recoñeza o baremo de mobilidade, o período de vixencia da tarxeta será de dez (10) anos (agás nos casos nos que a resolución indique prazos de revisión previos).
- Excepcionalmente poderá concederse unha tarxeta extraordinaria provisional por razóns humanitarias naqueles casos en que, por mor dunha enfermidade ou patoloxía de extrema gravidade, se vexa reducida de forma substancial a esperanza de vida, de forma que razoablemente non se poda tramitar en tempo a solicitude ordinaria da tarxeta ou os documentos que permiten acceder a ela.
Esta tarxeta extraordinaria tamén poderá expedirse se, presentada a solicitude de recoñecemento de discapacidade ante a Xunta, transcorresen tres (3) meses sen que caese resolución ao respecto.
O período de validez desta tarxeta será de seis (6) meses, prorrogable por outros seis (6) meses máis de persistir as circunstancias.
- Procedemento para a renovación da tarxeta e para a emisión de duplicados por extravío ou roubo.
- Establécese un procedemento sancionador, cun réxime de infraccións e sancións

O Concello de Oleiros propón esta ordenanza, asumindo as competencias que se establecen no marco legislativo xeral, que confiren aos concellos a potestade para adoptar as medidas axeitadas para facilitar o estacionamento dos vehículos automóbiles pertencentes a persoas con problemas de mobilidade ou mobilidade reducida por razóns da súa discapacidade, así como a expedición da correspondente tarxeta de estacionamento.

Polo tanto, trasládase ao Pleno Municipal do Concello de Oleiros esta ordenanza cunha disposición máis rápida, flexible e efectiva das prestacións e das axudas que recolle.



CONCELLO DE
OLEIROS

Esta Ordenanza foi exposta na web municipal o día 13 de xuño de 2022, na Concellería de Servizos Sociais e Igualdade, apartado Normativa.

A este documento pódese acceder desde a seguinte ligazón:

<https://bit.ly/3bgjXRC>

De acordo con todo o exposto, PROPONSE AO CONCELLO PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a ordenanza das condicións básicas de emisión e uso das tarxetas de estacionamento para persoas con discapacidade e mobilidade reducida.

Segundo.- Proceder a súa exposición pública e audiencia ós interesados e interesadas polo prazo mínimo de trinta (30) días para a presentación de reclamacións e suxestión. De non presentarse, entenderase definitivamente aprobada publicándose o texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia (BOP). “

Punto 4.- Adopción de acordo en orde ó encargo de xestión do “servizo de abastecemento domiciliario de auga potable” á entidade pública AQUAOLEIROS SA

Expón o asunto da orde da alcaldía a voceira do goberno municipal da “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, explicando que xa posta en marcha a empresa Aquaoleiros SA, estanse a rematar os trámites conducentes ao inicio da prestación do servizo pola mesma. Nos Estatutos da empresa fíxose constar que é un medio propio do Concello, e o encargo da prestación do servizo debe cumprir os requisitos da Lei de Contratos, que para determinar o encargo, non está sometido a dita Lei. O cumprimento deste requisito foi analizado pola Secretaria da Corporación no seu informe engadido no expediente no que se conclúe que se cumpren e polo tanto o encargo non estará sometido á Lei de Contratos. Propon ao Pleno do Concello adoptar os seguintes acordos, en primeiro lugar encargar a prestación do “servicio de abastecemento domiciliario de auga potable” á entidade pública AQUAOLEIROS S.A, que se iniciará o día 20 de xullo de 2022 e, en segundo lugar adscribir o nomeado servizo ós bens e instalacións declarados necesarios para a súa prestación, entre os que se atopan, 3 puntos de entrega de auga en alta (Edreira, Pasaxe e O Burgo); 7 depósitos: Montrove, Edreira, Breixo, Lorbé, Os Galgos (Xaz), Sarro-Nos, Rialta- GP; 6 bombeos e grupos de presión: As Pedras- Perillo (bombeo a Montrove), Aba (bombeo a dep. Lorbé), Dorneda (bombeo a dep. Breixo), Vilanova (bombeo a dep. Sarro), G.P. Edreira o G.P. Rialta; Rede de distribución: 300 km de conduccións, coas súas válvulas de corte, 4 ventosas, 8 desaugadoiros, 6 reductoras de presión, 200 hidrantes; Instalacións de oficinas, vestiarios e almacén; Maquinaria para reparacións; 5 vehículos para lecturas e intervencións; 13 operarios e todas as infraestruturas, equipos informáticos, sistemas de comunicación, aplicacións informáticas, dispositivos e calquera sistema que sexa necesario para o funcionamento do servizo.

E, en terceiro lugar a empresa pública de abastecemento domiciliario de auga potable AQUAOLEIROS S.A. terá a súa sede no andar terceiro do nº 3 da Rúa Francisca Herrera-Oleiros (Edificio de Facenda Municipal) e na Nave nº 18 do “Viveiro Municipal de Empresas”, na Rúa O Barbanza - Iñás (Oleiros), instalacións que se ceden polo Concello de Oleiros de xeito gratuito á entidade pública AQUAOLEIROS S.A. para a prestación do nomeado servizo.



CONCELLO DE
OLEIROS

Intervén o voceiro do grupo “Popular”, D. **José A. Bonome**, sinalando que despois de tantos anos prorrogando a dedo este servizo da xestión da auga do Concello de Oleiros á empresa Sergesco, parece que este “culebrón” por fin remata.

Sinala que o Alcalde foi o que se empeñou en prorrogar este servizo baseándose na boa xestión da auga que facía Sergesco e o Partido Popular igual que os informes previos á constitución da empresa Aquaoleiros SA demostraron que o capricho do Alcalde xunto coa mala xestión de Sergesco costoulle aos veciños de Oleiros miles de euros anuais tirados en auga non contabilizada, entre outras causas e agora outra empresa vaise facer cargo da xestión municipal da auga chamada Aquaoleiros SA, pero dubidan da súa eficacia, xa que pensan que é mesmo lobo pero con distinta pel de cordeiro, quere decir que é a mesma empresa pero con distinto nome e un novo xerente e pensan que si ata o de agora o fixeron mal, non entenden porque agora o van facer mellor.

Intervén o voceiro do grupo “Socialista” D. **Jorge Pérez**, salientando que Sergesco leva máis de trinta anos prestando o servizo de auga sin terse convocado concurso ningún e despois de mais de vinte anos realizando prórrogas sucesivas de xeito tácito, non permitidas pola Lei, pois parece que a partir de agora empeza a camiñar a municipalización do servizo copiando ao Alcalde de Arteixo, quen tamén recuperou a xestión directa no 2013 e desexamos que teña unha boa prestación do servizo e que se mellore o que se viña realizando ata agora.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-Ciudadanos, D. **Manuel Moineiro**, sinalando que entende que falar do pasado non ten sentido e pensa que esta xestión pode ser boa para Oleiros, pero quere facer unha matización sobre a sociedade que se considera do grupo III e conta con 13 traballadores subrogados de Sergesco, con un Directivo e 9 conselleiros, dos cales 4 son da “Alternativa dos Veciños” e pensa que dado que son postos non retribuídos, non tendo coste ningún para o Concello, pois sería un exemplo de transparencia poñer cinco membros do Consello de “Alternativa dos Veciños” e o resto un membro de cada grupo político da oposición, seguiría todo igual pero alo menos a oposición estaría representada na nova sociedade.

Intervén o Alcalde, D. **Angel García**, decindo que efectivamente é un consello non retribuído e está constituído por membros do goberno que son quenenes teñen que facer a xestión, polo tanto a oposición sempre ten a opción de manifestarse en calquera momento no pleno ou a través de escritos presentados no Concello se pensan que o servizo non se está a prestar correctamente.

Tamén contesta ao voceiro do grupo municipal socialista decindo que o Alcalde de Oleiros non ten nada que copiar ao Alcalde de Arteixo, en cambio él si que veu ao Concello moito nos primeiros catro anos de legislatura para ver como se facían moitas cousas en Oleiros, como bon xestor, era unha persoa intelixente e sabía onde tiña que vir e aprendeu moitas cousas de Oleiros, pero agora xa non é igual, pero debería seguer aprendendo de Oleiros.

En canto á mención deste tema de “culebrón”, contéstalle que o anterior voceiro do grupo socialista, disfrutaba vindo ao pleno con insinuacións malévolas, manifestando que no Concello había unha panda de ladróns; tiveron



CONCELLO DE
OLEIROS

que ver que durante anos se xestionaba moi ben o servizo da auga, prorrogándose durante anos dun xeito legal e se non fora así, durante todos eses anos que estivo Sergesco funcionando, porque non foron aos Tribunais, porque non denunciaron a situación, porque esta Alcaldía se algo non ve legal leva aos Tribunais o concello de Cambre, o concello de Culleredo e cando esta Alcaldía pensa que algo non se está facendo ben, vai aos Tribunais, e iso é o que hai que facer.

Continúa a dicir que no Concello de Oleiros non hai tal perda de auga, desde que entrou “Alternativa dos Veciños” no Concello había tres propiedades, unha Casa Consistorial que houbo que reformala, o Colexio de A Rabadeira a Escola unitaria e pouco máis, pero hoxe o Concello ten moitas propiedades, entre eles case 100 edificios que consumen auga, instalacións deportivas, locais sociais... e esa auga non se lle pagaba a Sergesco, pagábaselle a Augas da Coruña, cando o consumo xeral, e un 40 % era de consumo de edificios e parques, xa que o Concello ten un millón de metros cadrados de parques que consumen auga, hai cinco praias con augas de duchas que consumen auga durante todo o verán, polo tanto non había unha perda de auga, nin un mal uso, senón que o que hai é un consumo de auga do Concello, que agora vaise regular para saber canto é o consumo que ten o Concello en cada lugar e tomar medidas si nalgún deses edificios públicos se fixese algún mal uso do servizo de auga e tamén habería que regular o sistema de rego automático en determinados parques públicos do Concello, xa que por exemplo no parque das “Trece Rosas” de Bastiagueiro, non hai rego, porque a Alcaldía entendeu que nun parque desas dimensións pódese disfrutar de día, e de noite os que queiran visitar o parque, como dixo o concelleiro de “ciudadanos” o outro día do parque de Nirvana, mellor sin luz que con luz.

En definitiva manifesta que en Oleiros hai un goberno que cando ten que tomar medidas, as toma, e que en Oleiros non hai lobos como se dixo polo voceiro do grupo municipal popular na súa intervención; e agora había que sacar a contratación este servizo porque a Lei así o regula e o goberno entendeu que non era xusto sacalo para que se presentase calquera empresa que anda por ahí, que fan o que lles dá a gana, como por exemplo pasou en Arteixo, onde se cobraba aos veciños ilegalmente os recibos, onde tiveron que devolverlles os cartos, onde non se renovou a rede en 13 anos de servizo, quedándose a empresa cos cartos e agora lle tivo que pagar ao Concello 12 millóns de euros, pois iso en Oleiros non se deu porque son distintos, singulares, únicos e maravillosos.

Intervén novamente o voceiro do grupo “Popular”, D. **José A. Bonome**, sinalando que un dos motivos que alegaba o goberno para xustificar a necesidade de constituir a empresa Aqualeiros SA era que se ía financiar cos aforros de 50.000 euros ao ano de auga non contabilizada e por eso se pregunta ¿que se fixo entón todos estes anos? ¿Estaban a regalar 50.000 euros Sergesco?, ao que lle contesta o **Sr. Alcalde** que se tratan de consumos municipais xa que o Concello tamén ten que pagar a auga e agora é cando imos ver como se paga todo e as persoas que están ahí e a Lei obriga a recollelas como de feito se fixo, e se fose outra empresa calquera a que prestara o servizo, pois tamén habería que subrogar a ese persoal.



CONCELLO DE
OLEIROS

Intervén novamente o voceiro do grupo “Socialista” D. **Jorge Pérez**, preguntando ¿Non houbo unha Setenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia a instancia doutra empresa aspirante a esa xestión que lle obrigou ao Concello a convocar o concurso?, ao que o Alcalde contesta que non, que o Concello convocou o concurso porque o quixo convocar, e que non houbo Sentenza ningunha.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 27 de xuño de 2022, acadándose o resultado favorable dos membros da Corporación, é dicir, por **trece (13) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos) ; **e seis (06) abstencións** (catro (04) do grupo municipal “Popular” e dous (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Antecedentes

A entidade pública AQUAOLEIROS, S.A. constituíuse o 2 de novembro de 2021.

O contrato de xestión do “servizo de abastecemento domiciliario de auga potable” que se estaba prestando pola empresa SERGESCO SA foi prorrogado ata o día 19 de xullo de 2022, co obxecto de que se puideran rematar os trámites de reversión e posta en marcha da empresa para a prestación directa do servizo a través de AQUAOLEIROS S.A.

A prestación do servizo a través da entidade pública AQUAOLEIROS SA supón acudir a un sistema de cooperación vertical, xa que a nomeada entidade é un medio propio do Concello de Oleiros, como así consta no seus estatutos.

Por todo isto, propónse ó Pleno da Corporación a adopción do acordo seguinte:

Primeiro.- Encargar a prestación do “servizo de abastecemento domiciliario de auga potable” á entidade pública AQUAOLEIROS S.A, que se iniciará o día 20 de xullo de 2022.

Segundo.- Adscribir ó nomeado servizo os bens e instalacións declarados necesarios por Decreto da Alcaldía nº 2022000386, do 4 de febreiro de 2022, que se describen a continuación:

a) As infraestruturas seguintes:

No que respecta ás instalacións e elementos adscritos ou a adscribir ó servizo, a modo de resumo se citan a continuación (para máis detalle consultar o Apéndice Ap1 do Estudo técnico- económico para a xestión do servizo de auga municipal. Concello de Oleiros. do 9 de xuño de 2021 de Serye Ingenieros, S.L.):

- 3 puntos de entrega de auga en alta (Edreira, Pasaxe e O Burgo).
- 7 depósitos:
 - o Montrove.
 - o Edreira.
 - o Breixo.
 - o Lorbé.
 - o Os Galgos (Xaz).
 - o Sarro- Nos.
 - o Rialta- GP.
- 6 bombeos e grupos de presión:



CONCELLO DE
OLEIROS

- o As Pedras- Perillo (bombeo a Montrove).
- o Aba (bombeo a dep. Lorbé).
- o Dorneda (bombeo a dep. Breixo).
- o Vilanova (bombeo a dep. Sarro).
- o G.P. Edreira o G.P. Rialta.
- Rede de distribución:
 - o 300 km de conduccións, coas súas válvulas de corte.
 - o 4 ventosas.
 - o 8 desaugadoiros.
 - o 6 redutoras de presión.
 - o 200 hidrantes.
- Instalacións de oficinas, vestiarios e almacén.
- Maquinaria para reparacións.
- 5 vehículos para lecturas e intervencións.
- 13 operarios.
- b) Todas as infraestruturas, equipos informáticos, sistemas de comunicación, aplicacións informáticas, dispositivos e calquera sistema que sexa necesario para o funcionamento do servizo.

Terceiro.- A empresa pública de abastecemento domiciliario de auga potable AQUAOLEIROS S.A. terá a súa sede no andar terceiro do nº 3 da Rúa Francisca Herrera-Oleiros (Edificio de Facenda Municipal) e na Nave nº 18 do “Viveiro Municipal de Empresas”, na Rúa O Barbanza - Iñás (Oleiros), instalacións que se ceden polo Concello de Oleiros de xeito gratuito á entidade pública AQUAOLEIROS S.A. para a prestación do nomeado servizo.”

Punto 5.- Adopción de acordo en orde á clasificación do ente público AQUAOLEIROS SA

Expón o asunto da orde da alcaldía a voceira do goberno municipal da “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, explicando que a Lei de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local do ano 2013 modificou a Lei de Bases de Réxime Local na Disposición Adicional Duodécima. Esta norma esixe que o Pleno da Corporación clasifique as entidades ás que estean vinculadas ou sexan dependentes da Administración, Local neste caso, en tres grupos atendendo ós seguintes aspectos que son: o volume ou cifra de negocio, o número de traballadores, a necesidade ou non de financiación pública, o volume de inversión e características do sector no que desenvolve a súa actividade. Continúa explicando que a clasificación é necesaria porque inflúe no número máximo de membros do Consello de Administración, órganos superiores e no número de directivos. Por outra banda esta norma tamen dispón que deberán fixarse as retribucións dos directivos, que deberán respetar os máximos establecidos pola Lei de Presupostos do Estado. Pola Secretaría e a Intervención estudouse o mellor xeito de plantexarse esta clasificación en tres grupos, a pesar de que soamente hai que clasificar Aquaoleiros e de que aínda non iniciou a súa actividade. Os parámetros que se tiveron en conta foron os de Sergesco, empresa que está xestionando agora ata que se cambie o servizo e os datos da subrogación, así como a clasificación fixadas para outras empresas locais que xa a tiveran que facer anteriormente e a proposta é clasificar a empresa pública AQUAOLEIROS, S.A no grupo III e dala de alta como ente público dependente do Concello de Oleiros no Inventario de Entes do Ministerio de Facenda.



CONCELLO DE
OLEIROS

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de 'asuntos de competencia plenaria' que tivo lugar o pasado 27 de xuño de 2022, acadándose o resultado favorable dos membros da Corporación, é dicir, por **trece (13) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de "Alternativa dos Veciños" e un (01) do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos) ; e **seis (06) abstencións** (catro (04) do grupo municipal "Popular" e dous (02) do grupo municipal "Socialista").

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

"Antecedentes.-

PRIMERO.- Que se ha constituido la empresa mercantil Aquaoleiros SA, en fecha 2 de novembro do 2021.

SEGUNDO.- Que de conformidad a lo dispuesto en la Disposición Adicional Duodécima de la Ley Reguladora de las Bases de Régimen Local (Ley 7/85, de 2 abril) modificada por la Ley 27/2013 de 27 de diciembre de racionalización y Sostenibilidad de la Administración Local:

Disposición adicional duodécima. Retribuciones en los contratos mercantiles y de alta dirección del sector público local y número máximo de miembros de los órganos de gobierno.

1. Las retribuciones a fijar en los contratos mercantiles o de alta dirección suscritos por los entes, consorcios, sociedades, organismos y fundaciones que conforman el sector público local se clasifican, exclusivamente, en básicas y complementarias.

Las retribuciones básicas lo serán en función de las características de la entidad e incluyen la retribución mínima obligatoria asignada a cada máximo responsable, directivo o personal contratado.

Las retribuciones complementarias, comprenden un complemento de puesto y un complemento variable. El complemento de puesto retribuiría las características específicas de las funciones o puestos directivos y el complemento variable retribuiría la consecución de unos objetivos previamente establecidos.

2. Corresponde al Pleno de la Corporación local la clasificación de las entidades vinculadas o dependientes de la misma que integren el sector público local, en tres grupos, atendiendo a las siguientes características: volumen o cifra de negocio, número de trabajadores, necesidad o no de financiación pública, volumen de inversión y características del sector en que desarrolla su actividad. Esta clasificación determinará el nivel en que la entidad se sitúa a efectos de:

- a) Número máximo de miembros del consejo de administración y de los órganos superiores de gobierno o administración de las entidades, en su caso.
- b) Estructura organizativa, con fijación del número mínimo y máximo de directivos, así como la cuantía máxima de la retribución total, con determinación del porcentaje máximo del complemento de puesto y variable.

3. Las retribuciones en especie que, en su caso, se perciban computarán a efectos de cumplir los límites de la cuantía máxima de la retribución total. La cuantía máxima de la retribución total no podrá superar los límites fijados anualmente en la Ley de presupuestos generales del Estado.

4. El número máximo de miembros del consejo de administración y órganos superiores de gobierno o administración de las citadas entidades no podrá exceder de:

- a) 15 miembros en las entidades del grupo 1.
- b) 12 miembros en las entidades del grupo 2.
- c) 9 miembros en las entidades del grupo 3.

5. Sin perjuicio de la publicidad legal a que estén obligadas, las entidades incluidas en el sector público local difundirán a través de su página web la composición de sus órganos de administración, gestión, dirección y control, incluyendo los datos y experiencia profesional de sus miembros.

Las retribuciones que perciban los miembros de los citados órganos se recogerán anualmente en la memoria de actividades de la entidad.



CONCELLO DE
OLEIROS

6. El contenido de los contratos mercantiles o de alta dirección celebrados, con anterioridad a la entrada en vigor de esta Ley, deberá ser adaptados a la misma en el plazo de dos meses desde la entrada en vigor. La adaptación no podrá producir ningún incremento, en relación a su situación anterior.

Las entidades adoptarán las medidas necesarias para adaptar sus estatutos o normas de funcionamiento interno a lo previsto en esta Ley en el plazo máximo de tres meses contados desde la comunicación de la clasificación.

7. La extinción de los contratos mercantiles o de alta dirección no generará derecho alguno a integrarse en la estructura de la Administración Local de la que dependa la entidad del sector público en la que se prestaban tales servicios, fuera de los sistemas ordinarios de acceso.”

Se hace necesario clasificar la empresa Aquaoleiros S.A siguiendo los criterios establecidos en esta disposición, y de forma supletoria la normativa estatal.

TERCERO.- Considerando que el apartado 2 de la citada Disposición Adicional 12ª de la LBRL establece que *“corresponde al Pleno de la Corporación local la clasificación de las entidades vinculadas o dependientes de la misma que integren el sector público local, en tres grupos, atendiendo a las siguientes características: volumen o cifra de negocio, número de trabajadores, necesidad o no de financiación pública, volumen de inversión y características del sector en que desarrolla su actividad.”* Y que esta clasificación en uno de los tres grupos, a que se refiere la norma, lo será a efectos de:

- Cuantía máxima de las retribuciones de los contratos de alta dirección, con determinación del porcentaje máximo del complemento de puesto y variable
- Número máximo de miembros de los Consejos de Administración (15, 12 y 9, respectivamente, según el Grupo 1, 2, o 3).
- Y la estructura organizativa, con fijación del número mínimo y máximo de directivos y de retribuciones.

CUARTO.- Considerando que es este Pleno de la Corporación el órgano competente para establecer dicha clasificación, debiendo atender a las características: volumen o cifra de negocio, número de trabajadores, necesidad o no de financiación pública, volumen de inversión y características del sector en que se desarrolla su actividad, todas ellas previstas a estos efectos para el ámbito estatal en el Real Decreto 451/2012 de 5 de marzo, por el que se regula el régimen retributivo de los máximos responsables y directivos en el sector público empresarial y otras entidades, y donde se indica que las características del sector en que desarrolla su actividad la entidad, hace referencia a complejidad o sector estratégico.

QUINTO.- Considerando que si bien el apartado 2 de la referida DA 12ª de la LBRL indica los criterios de clasificación, no señala la ponderación, ni las escalas en orden a los mismos, ni tampoco lo detalla en el ámbito estatal el ya citado Real Decreto 451/2012, de 5 de marzo, por el que se regula el régimen retributivo de los máximos responsables y directivos en el sector público empresarial y otras entidades, y a ello se une el que la norma de aplicación en el ámbito local (la reiterada DA 12ª de la LBRL) respecto a las retribuciones máximas de los contratos de alta dirección y mercantiles, sólo establece la estructura de las mismas (distinguiendo fijas y complementarias), indicando que su cuantía máxima total no puede superar los límites fijados anualmente en la Ley de Presupuestos Generales del Estado, sin que en la Ley de Presupuestos Generales del Estado hasta la actualidad haga referencia a los mismos.

SEXTO.- Considerando que corresponde a este Pleno definir los criterios, su ponderación y escalas en orden a los tres grupos de clasificación, así como el límite máximo de las correspondientes retribuciones, hasta tanto la Ley de Presupuestos Generales del Estado fije los correspondientes límites, en cuyo momento se procederá a la adaptación que, en su caso, fuera procedente.

SÉPTIMO.- Siguiendo el procedimiento elaborado por otras administraciones públicas y el estudio técnico económico para la gestión del servicio del agua municipal, y los datos que obran en la Intervención municipal sobre el servicio que se prestará por Aquaoleiros, S.A., se realiza una clasificación previa por grupos, pese a que el Ayuntamiento de Oleiros sólo tiene que clasificar una empresa dentro de los entes que conforman el sector



CONCELLO DE
OLEIROS

público. Se utiliza a tal efecto como referencia, los criterios incorporados en la Recomendación 2003/361/CE de la Comisión Europea, de 6 de mayo, sobre definición de microempresas, pequeñas y medianas empresas, en cuanto a la ponderación de los criterios en orden a la clasificación en tres grupos y siempre conforme a las características previstas en la DA 12ª de la LBRL, así como la clasificación y condiciones siguientes:

1.- Criterios:

a) Cuantitativos, criterio objetivo, con base a datos presupuestarios, inversión prevista y cifra de negocio que resultan de la actividad de abastecimiento de agua potable.

1.- Número de trabajadores

2.- Volumen de inversión

3.- Volumen o cifra de negocio y necesidad o no de financiación pública.

b) Cualitativos, criterio subjetivo: se debe valorar según las características del Sector en que desarrolla la actividad, teniendo en cuenta la complejidad del mismo, así como la consideración como sector estratégico o prioritario.

2.- Clasificación:

Los entes del sector público local se clasificarán en los siguientes tres grupos, siendo necesario para la clasificación en un Grupo, que la entidad cumpla al menos 2 de los criterios establecidos de entre los cuatro parámetros que se indican a continuación, siempre y cuando si uno de los dos criterios mínimos fuera el de características del sector en que desarrolla su actividad, ésta necesariamente deberá tener el requisito de ALTA para pasar al grupo inmediatamente superior.

	Nº Trabajadores:	Volumen Inversiones	Cifra de Negocio y financiación pública	Características del Sector en que desarrolla su actividad*
Grupo III	0 a 49	- 10.000.000,00	- 10.000.000,00	BAJA/MEDIA/ALTA
Grupo II	50 a 249	+10.000.000,00 -43.000.000,00	+10.000.000,00 -50.000.000,00	MEDIA/ALTA
Grupo I	250 o más	+43.000.000,00	+50.000.000,00	ALTA

*Complejidad, sector estratégico.

Cambio de las circunstancias: Cuando a la finalización de un ejercicio económico, se constate que una entidad ha rebasado en un sentido u otro, los criterios previstos en la clasificación por grupos realizada, esta circunstancia sólo le hará adquirir o perder la incorporación a un grupo u otro si dicha circunstancia se ha producido en dos ejercicios consecutivos. No obstante lo anterior, si existe la previsión de que dicha circunstancia va a perdurar en el tiempo, se procederá con anterioridad a la modificación del Grupo de clasificación correspondiente.

OCTAVO.- Considerando que por lo que se refiere a los criterios en relación con la cuantía máxima de las retribuciones en los contratos de alta dirección y mercantiles o nombramientos, se toma como referencia lo previsto por la Administración General del Estado para su propia Administración a través del Real Decreto 451/2012 de 5 de marzo por el que se regula el régimen retributivo de los máximos responsables y directivos en el sector público empresarial y otras entidades, si bien a nivel estatal se establece exclusivamente un límite referido a las retribuciones básicas y en el caso del sector público local dicho límite englobaría todos los conceptos



CONCELLO DE
OLEIROS

fijos (retribuciones básicas) y variables (complementarias), con las condiciones, porcentajes y excepciones que se detallan a continuación:

1º.- Las retribuciones de los contratos de alta dirección y mercantiles del sector público local siempre en el tramo correspondiente según grupo de clasificación y sin perjuicio de las excepciones que se detallan en el siguiente apartado, y teniendo en cuenta la clasificación de las retribuciones en básicas y complementarias previstas en la Disposición Adicional 12ª de la LBRL, se desglosarían en:

- a) Básicas: Dichas retribuciones básicas implican las retribuciones fijan mínimas a percibir por la gerencia o el personal directivo.
- b) Complementarias:
 - Complemento variable, por consecución de objetivos o productividad, en un máximo sobre las retribuciones básicas de:
 - Un 15% para los entes incluidos en el Grupo III
 - Un 15% para los entes incluidos en el Grupo II
 - Un 20% para los entes incluidos en el Grupo I
 - Complemento de puesto, un máximo de 45% en supuestos de especial complejidad, valoración de sectores estratégicos, situaciones especiales o acumulación de funciones de varios entes, sin perjuicio de que se valore la naturaleza, volumen y complejidad.

2º.- Las retribuciones máximas correspondientes a cada GRUPO de clasificación, sin perjuicio de las excepciones contempladas en el siguiente apartado, integran todos los conceptos retributivos (básicas y complementarias), incluyendo cualquier retribución en especie, indemnizaciones por asistencia a órganos colegiados o por el asesoramiento a empresas o entes del sector público y antigüedad (con exclusión de los trienios a los que, en su caso, tengan derecho aquel personal funcionario de carrera que se encuentren en situación de servicios especiales o personal laboral de la administración pública en situación de excedencia forzosa o del sector público local, serán las siguientes:

- GRUPO I: Retribuciones hasta un máximo de 105.000,00 euros.
 - GRUPO II: Retribuciones hasta un máximo de 80.000,00 euros.
 - GRUPO III: Retribuciones hasta el máximo de 55.000,00 euros.
- Se hace constar que estas cuantías recogidas en el RD 451/2012 han sido actualizadas por la Ley de Presupuestos del Estado, siendo en la actualidad los siguientes importes:
- GRUPO I: Retribuciones hasta un máximo de 114.831,97 euros.
 - GRUPO II: Retribuciones hasta un máximo de 87.491,03 euros.
 - GRUPO III: Retribuciones hasta el máximo de 60 150,08 euros

3º.- Los límites retributivos serán de aplicación a todo el personal de los entes del Sector Público Local que desempeñen funciones directivas, incluyendo el desempeño de funciones gerenciales, proporcionada a su responsabilidad por debajo de la gerencia, en el caso del personal directivo.

4º.- Afectación a los Consejeros y Consejeras Delegadas: Esta limitación afecta también a los Consejeros y Consejeras Delegadas que en su caso puedan desempeñar dichas funciones retribuidas en los entes de carácter mercantil del sector público local.

NOVENO.- Considerando que por lo que se refiere a lo previsto en la misma DA 12ª, como consecuencia de la inclusión de los distintos entes en los Grupos de Clasificación, respecto a la estructura organizativa de la entidad: al establecer límites que afectan, por un lado al número máximo de miembros de personal directivo prevista en el artículo 3 del Real Decreto 451/2012 de 5 de marzo ("Quiénes formando parte del Consejo de Administración, de los órganos superiores de gobierno o administración, o actuando bajo su dependencia o la



CONCELLO DE
OLEIROS

del máximo responsable, ejercitan funciones separadas con autonomía y responsabilidad, sólo limitadas por los criterios e instrucciones emanadas del máximo responsable o de los citados órganos de las entidades del sector público estatal”), cabe aplicar lo siguiente:

	Número máximo de miembros del Consejo de Administración, Órganos superiores o administración.	Número máximo de Directivos/as
GRUPO I	15	5
GRUPO II	12	3
GRUPO III	9	1

DÉCIMO.- Considerando que tal como consta en el expediente, sobre la base de los criterios anteriormente expuestos, se adjunta al presente acuerdo, el grupo de clasificación en el que procede incluir a la empresa AQUAOLEIROS, S.A, debiendo ajustarse las retribuciones del contrato de alta dirección, a las condiciones expuestas en los considerandos anteriores, así como las nuevas contrataciones o nombramientos que procedan se asigna teniendo en cuenta el personal que tendrá que subrogar la empresa 13 trabajadores, , el volumen de inversión previsto en el informe técnico 1.533.352,43€ y la cifra de negocios de referencia que tiene en la actualidad la empresa prestadora del servicio 911.513,96€.

Según estos datos,

La empresa AQUAOLEIROS S.A., se clasifica en el GRUPO III.

UNDÉCIMO.- Proceder a la remisión de la documentación necesaria a para la inclusión de AQUAOLEIROS, S.A., en Inventario de Entes del Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas

Por todo lo expuesto la PROPUESTA AL PLENO, es la siguiente:

PRIMERO.- Clasificar la empresa pública AQUAOLEIROS, S.A en el grupo III.

SEGUNDO.- Dar de alta la entidad AQUAOLEIROS, S.A. como ente público dependiente del Ayuntamiento de Oleiros en el Inventario de Entes del Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas.”

Punto 6.- Dar conta dos Decretos da Alcaldía, desde o nº 2022002367 ao nº 2022003148 (engadidos)

Todas as concelleiras e concelleiros asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* dos Decretos da Alcaldía, desde o nº 2022002367 ata o nº 2022003148 (engadidos).

Punto 7.- Mocións, rogos e preguntas



CONCELLO DE
OLEIROS

- **mocións**

7.1.- Moción presentada polo grupo municipal “Popular” en relación á transferencia da competencia sobre a xestión de dominio público marítimo-terrestre

Procede a dar lectura á moción presentada o voceiro do grupo municipal “Popular”, D. **José Angel Bonome**, que se transcribe:

“Galicia conta con 2.091 quilómetros de perímetro consteiro insular e peninsular, sendo a comunidade con máis territorio costeiro. Por esta razón, a Xunta de Galicia leva solicitando nos últimos anos ao Goberno central o traspaso das competencias en materia de xestión do dominio público marítimo terrestre.

Principalmente, desde a comunidade galega reclámase esta xestión porque se trata dun territorio que ten unha especial vinculación con materias que xa son actualmente de competencia autónoma, como son a regulamentación urbanística, a construción de portos ou o control de vertidos na costa.

Esta transferencia permitiríalle a Galicia xestionar as autorizacións e concesións no dominio público marítimo-terrestre, como acontece nas comunidades de Andalucía e Cataluña e como se está a negociar tamén co País Vasco.

Este traspaso tamén facilitaríaa simplificación de trámites e evitaríaa duplicidade que pode chegar a provocar a existencia de dous niveles administrativos nesta zona e tomar decisións máis axeitadas.

Compre lembrar que na franxa do litoral están asentadas preto de 4.000 edificacións de 82 municipios e que Galicia e que, ademais, a transferencia da xestión permitiríaa rematar cos constantes ataques que vén recibindo por parte do Goberno central o complexo mar-industria galego.

En definitiva, é indispensable para Galicia contar con esta transferencia, tendo en conta que a comunidade e os concellos do litoral son os que dispoñen dun maior grao de coñecemento da realidade do litoral galego e do valor que supón o seu patrimonio.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón neste pleno que se adopte o seguinte acordo:

“O Pleno do Concello de Oleiros insta ao Goberno Central a transferir o antes posible á Xunta de Galicia a xestión de todas as competencias en materia de dominio público marítimo-terrestre”.

Votación da urxencia

Sen máis, da orde do alcalde pásase á votación da urxencia da moción presentada polo grupo municipal “Popular”, producíndose o resultado da unanimidade, é dicir, **dezanove (19) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; catro (04) do grupo municipal “Popular”; dous (02) do grupo municipal “Socialista”; e un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación *acorda tratar* a moción presentada polo grupo municipal “Popular”.

Intervén o voceiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jorge Pérez** manifestando que o seu grupo non se opón á transferencia destas competencias, debendo facerse as modificacións estatutarias correspondentes que a Xunta



CONCELLO DE
OLEIROS

ata o de agora negouse a facer para poder facer esta xestión e por outra banda lembra, xa que se está a falar da xestión da Xunta de Galicia, o estado lamentable no que se atopan os portos de Santa Cruz e de Mera, competencia exclusiva da Xunta e son moitos anos os que leva neste estado, caendose a pedazos textualmente, así que espera que si se consegue esta transferencia de competencias, pois que sexa para unha mellor xestión.

Intervén o voceiro do grupo "Mixto"-Ciudadanos, D. **Manuel Moineiro**, manifestando que sempre está a favor de todo o que sexan transferencias de competencias do Estado a favor da Xunta de Galicia e polo tanto apoia esta moción.

Intervén o Alcalde, D. **Angel García** manifestado que ao marxe de que ten razón o voceiro do grupo municipal "socialista" sobre a situación na que se atopaban os portos de Santa Cruz e de Mera, xestión que é unha concesión do Estado á Xunta de Galicia, dunha lámina de auga circundante coa obra do porto. Clarexa que a de Mera está neste intre restaurada e a de Santa Cruz remataban estes días de restaurala e o Concello de Oleiros ten pedida a cesión de ambos portos ao Concello, e con respecto ao de Santa Cruz, a Xunta xa contestou que non había problema, pero ten que autorizarse desde o Estado que é o titular da competencia, quen ten que sacarllo á Xunta e darllo ao Concello de Oleiros e con respecto ao fondo da Moción o grupo municipal "Alternativa dos Veciños" está de acordo, porque efectivamente entende que para calquera xestión non se pode estar falando con dúas Administracións á vez, xa que a Xunta ten a competencia desde os 6 metros cara atrás, pero cara aos accesos ao mar non son competencia da Xunta e polo tanto igual que outras comunidades de España teñen esta competencia, pois entenden que esta competencia hai que darlla á Comunidade Galega.

Votación da moción

Ó non se producir máis debate, da orde do alcalde pásase á votación da moción presentada polo grupo municipal "Popular", producíndose o resultado de **dezasete (17) votos a favor** (catro (04) do grupo municipal "Popular"; un (01) do grupo municipal "Mixto"-Ciudadanos e doce (12) do grupo municipal "Alternativa dos Veciños") e **dúas (02) abstencións** do grupo municipal "Socialista".

En consecuencia e pola maioría indicada, o **Pleno da Corporación aproba a moción presentada** polo grupo municipal "Popular".

7.2.- Moción presentada polo goberno municipal "Socialista" para reivindicar unha solución á caótica situación do socorrismo causada pola xestión da Xunta de Galicia.

Dá lectura á moción a concelleira do grupo municipal "Socialista", D^a **Anna Margarita Candal**, que se transcribe:

"Coa chegada do verán comeza o servizo de socorrismo nas praias da nosa costa. En situación normal, os concellos galegos estarían articulando xa os seus servizos de vixilancia en plenitude e con garantías de cubrir integramente o servizo. Nembargantes, esta tempada estival os consistorios municipais están a padecer unha



CONCELLO DE OLEIROS

escaseza de persoal socorrista debido á xestión que se levou a cabo pola Xunta de Galicia que está a provocar un colapso serio.

O Goberno galego aprobou unilateralmente o decreto actualmente vixente, sen ter en conta as recomendacións dos sectores implicados, no que se recollía unha disposición transitoria que remataba en abril de 2021 e que permitía o desempeño das labores de socorrismo por un maior amplo número de persoas.

A aplicación deste decreto ao longo destes anos provocou, entre outras cuestión, unha evidente redución progresiva do número de socorristas, o que provoca que na actualidade exista un grave déficit na nosa comunidade.

O pasado ano 2021 ante a situación de colapso que esta medida ía a provocar e ante a presión social, a Xunta de Galicia deu marcha atrás e acabou recoñecendo esta situación de insostibilidade cando se veu abocada a emitir Decreto 63/2021, do 22 de abril, no que a súa propia exposición de motivos dispón literalmente **“En prol de salvagardar e garantir a prestación do servizo de socorrismo na nosa comunidade e manter os numerosos postos de traballo que tal actividade orixina, é urxente e imprescindible prorrogar a habilitación provisional regulada na disposición transitoria única do devandito Decreto 104/2012, do 16 de marzo, a través da súa modificación.”**

Unha situación que se leva alertando dende hai xa moitos anos, particularmente dende o Partido Socialista de Galicia a través de sendas iniciativas parlamentarias nas que se puxo de manifesto esta realidade e se instou á Xunta de Galicia adoptar medidas que evitasen que se chegase á situación actual.

O pasado 31 de marzo de 2021 ante unha pregunta do Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego, o goberno de Galicia respondeu que non sería necesaria unha nova prórroga porque se estaba a elaborar *“un novo Decreto, incrementando as vías de acceso ao Rexistro Profesional de Socorristas acuáticos de Galicia salvagardando en todo momento os estándares de calidade e capacitación xa establecidos na normativa anterior”*.

Un ano despois, a Xunta de Galicia segue sen elaborar o novo Decreto que permita recuperar o pulo deste sector e garantir a prestación do servizo nas praias galegas.

Unha política en materia de socorrismo totalmente errática que lonxe de garantir a prestación dun servizo, a día de hoxe, básico nas nosas praias, provoca unha grave crise neste sector que vai conlevar a que moitas das praias da nosa costa non poidan estar abertas ao baño da cidadanía, así como á desaparición deste sector.

A pesar das múltiples advertencias que se realizaron por parte de todos os axentes implicados, a Xunta de Galicia optou por facer oídos e caso omiso, provocando a situación na que nos atopamos actualmente. A cidadanía galega non ten por que pagar a mala xestión da Xunta de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista propón neste Pleno que se adopte o seguinte acordo:

O Pleno do Concello de OLEIROS insta á Xunta de Galicia a:

1. Adoptar as medidas necesarias e urxentes para poñer unha solución a esta situación de absoluto desleixo nos servizos de socorrismo.
2. Prorrogar a habilitación provisional regulada na disposición transitoria única do Decreto 104/2012, do 16 de marzo, a través da súa modificación inmediata e excepcional.
3. Modificar as bases da convocatoria na que se regula a subvención aos Concellos para a contratación de persoal de salvamento, apostando por un sistema mixto, no que se permita a contratación do servizo a través dunha



CONCELLO DE OLEIROS

empresa naqueles supostos nos que fiquese deserta a convocatoria pública e suprimindo a existencia de inscrición no Servizo Público de Emprego para levar a cabo a contratación polas entidades municipais.

4. Explorar vías alternativas para solucionar esta situación que permitan habilitar de maneira temporal e excepcional a aquelas persoas que gocen de módulos de salvamento dentro da súa formación acreditada.

Elaborar un novo decreto no que se regule a formación e as condicións esixibles para o desempeño das funcións de prevención e socorrismo nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas en consenso coa Fegamp, as federacións, asociación e axentes sociais do sector que permita revertir a situación actual. “

Votación da urxencia

Sen máis, da orde do alcalde pásase á votación da urxencia da moción presentada polo grupo municipal “Popular”, producíndose o resultado da unanimidade, é dicir, **dezanove (19) votos a favor** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; catro (04) do grupo municipal “Popular”; dous (02) do grupo municipal “Socialista”; e un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación *acorda tratar* a moción presentada polo grupo municipal “Socialista”.

Intervén o voceiro do grupo “Popular”, D. **José A. Bonome**, sinalando que o principal para a Xunta de Galicia é a seguridade dos cidadáns e entenden que xa tomaron as medidas necesarias tanto persoais como materiais para garantir en todos os concellos a seguridade.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-Ciudadanos, D. **Manuel Moineiro**, manifestando que a él non lle chegou este borrador da moción polo que non poden opinar, e agradecería que en vindeiras ocasións se lle pasen as mocións como fan outros grupos políticos.

Intervén a concelleira do grupo “Alternativa dos Veciños”, D^a. **M^a José Varela**, manifestando que quere expoñer varias cuestións, a primeira é dicir que efectivamente é certo que o sector do socorrismo en Galicia está en moi mala situación e non hai que esquecer que nos anos que estiveron gobernando tanto o grupo socialista como o grupo popular na Xunta de Galicia, non fixeron nada por mellorar esta situación e non entende porque agora se trae esta moción por parte do grupo socialista. Indica que o seu grupo “Alternativa dos Veciños” está de acordo en que hai que mellorar moitas cousas, e estaríamos de acordo no primeiro punto da moción que é a de adoptar as medidas necesarias e urxentes para poñer unha solución a esta situación de absoluto desleixo nos servizos de socorrismo e no segundo punto non están de acordó porque si é verdade que a Xunta de Galicia sacou un novo Decreto aínda que o único que fixo foi flexibilizar tanto as condicións para poder entrar a facer o servizo de salvamento, que practicamente non se lles pide que teñan coñecemento en prevención, nin reciclaxe como a teñen que ter os socorristas. En canto ao punto 3º de modificar as bases da convocatoria, dicir que é precisamente o que están logrando entre todos os grupos do parlamento de Galicia, que se contraten aos socorristos por medio de empresas. O Concello de Oleiros leva anos rexeitando esta solución e están a sacar todos os anos novas



CONCELLO DE
OLEIROS

convocatorias, ao que tampouco axuda moito -aínda que estamos de acordo coa Lei de Estabilización do Emprego- que a contratación temporal, porque estamos a falar de que as praias en Galicia son 4 meses de praias, do 15 de xuño ao 15 de setembro, non son todo o ano, polo que as utopías non son para facer xestión municipal, para 4 meses non se poden facer traballadores fixos discontinuos e, entón están os mesmos traballadores durante 10 anos. Os socorristas teñen que estar en plenas facultades, e para eso teñen as probas todos os anos, é xente que teñen que estar preparados para atender unha eventualidade dun rescate, entón están de acordó no punto que ten que ser xente formada, e solicita que sexan os conellos os que formen aos seus socorristas e, en Oleiros solicitouse moitas veces a formación e nunca se concedeu, pedindo o cumprimento de moitos requisitos, cando despois lles din que poden contratar a xente que non está capacitada. Remata pedindo aos concelleiros do grupo socialista e popular que se poñan as pilas no parlamento autonómico e legislen para os Concellos e pídelles que pensen en clave de administración local.

Intervén a concelleira do grupo “Socialista”, D^a. **Anna Candal**, preguntándolle á concelleira M^a José Varela si ¿está a favor da moción, pero con enmendas? e D^a **M^a José Varela** contesta que non está de acordó coa moción, aínda que si co fondo da cuestión, polos motivos expostos e non hai enmenda posible, senón que habería que elaborar unha nova moción.

Contéstalle a concelleira do grupo “Socialista” D^a **Anna Candal**, decindo que o que propoñen na moción é a realidade, e unha enmenda do grupo “Alternativa dos Veciños” houbera sido o máis oportuno, xa que comentan que tanto o partido popular como o partido socialista que estivo hai moitos anos na Xunta de Galicia non fixeron nada pero “Alternativa dos Veciños” tampouco fai nada ao non estar de acordo con esta moción, nin sequera enmendándoa, dado que está a favor dalgúns puntos e en contra doutros, pois o mais lóxico e que presentaran enmendas para poder aprobala e por outra banda, dende o seu grupo tampouco presentaron ningunha moción para solucionar o tema, sabendo o problema que existe. Polo que pensa que hai que facer algo e alo menos o grupo municipal “socialista” intenta buscar unha solución presentando esta moción.

Intervén novamente a concelleira do grupo “Alternativa dos Veciños”, D^a. **M^a José Varela**, manifestando que os que teñen que pedir que se busque unha solución, serán os Concellos que non atopan socorristas para as súas praias; Oleiros afortunadamente polas boas condicións laborais que teñen, si os consegue e si ten socorristas, e cuberto o servizo a pleno rendimento.

Intervén o Alcalde, D. **Angel Garcia**, manifestando que o seu grupo non pode aprobar esta moción porque xa no seu día, en calidade de Diputado Provincial, presentou na Deputación, xa na lexislatura anterior, que se deran cursos de formación e acordouse levar cursos adiante pero soamente o fixeron un ano, en Ferrol, en Santiago e na Coruña, para o grupo de concellos que circundaban estas cidades e houbera solución, pero eso deixouse de facer e está acontecendo agora que de socorrista poñen a calquera persoa e a propia Xunta de Galicia deuse conta que isto era un risco moi grave, porque o día que houbera un accidente e se demostrara que a persoa socorrista non estaba capacitada para facer ese traballo, o problema podería ser moi gordo para os Concellos e incluso para a



CONCELLO DE
OLEIROS

Xunta de Galicia, polo que se puxo drástica nese aspecto, solicitando que o queira ser socorrista ten que estar titulado como tal e o Concello de Oleiros defende iso, pero a Xunta tamén ten que formalos. Continúa contando que hai uns días tanto o Presidente como a Conselleira lle comentaron na entrega das bandeiras azuis que non había socorristas e tiñan un grave problema e incluso o Alcalde de Arteixo, Sr. Calvelo, queixábase que eles non tiñan socorristas porque Oleiros pagaba máis que o resto dos Concellos e que ía a empezar o 1 de xullo, polo que a maior parte dos Concellos soamente van contratar socorristas dous meses, co cal os socorristas galegos titulados marchan para as Islas, porque lles pagan moito máis que en Galicia, tanto nas praias como nas piscinas privadas e quedamos aquí sin socorristas, provocando unha situación moi grave e este problema hai que retomalo, porque todo o mundo ve o problema que hai, pero chega o verán e segue sin solución, unha polos salarios, outra porque so traballan dous meses e prefiren irse ás islas, porque entre varios alquilan un apartamento, traballan ao mellor 5 meses e cobran casi 2700 ou 2800 euros, que non se lle pagan en Galicia.

Votación da moción

Sen máis, da orde do alcalde pásase á votación da moción presentada polo grupo municipal “Socialista”, producíndose o seguinte resultado, **dous (02) votos a favor** do grupo municipal “Socialista” e **dezasete (17) votos en contra** (doce (12) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; catro (04) do grupo municipal “Popular” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos).

En consecuencia e pola maioría indicada, o **Pleno da Corporación acorda rexeitar a moción presentada** polo grupo municipal “Socialista”.

7.3.- Moción presentada polo grupo municipal “Popular” relativa á ocupación de propiedades privadas

Dá lectura á moción o concelleiro do grupo municipal “Popular”, **D. Antonio Javier Corredoira**, que se transcribe:

“El derecho a la propiedad privada es un derecho fundamental reconocido en el art. 33 de la Constitución Española, que las autoridades públicas tienen la obligación de garantizar y proteger.

Son cada vez más frecuentes en nuestro municipio los episodios de ocupación de viviendas, propiciados, sin duda, por una legislación excesivamente protectora de los ocupantes, pero también por la falta de seguridad y de efectivos en la Policía Local que venimos denunciando desde hace tiempo.

Los propietarios que se ven privados de sus viviendas sufren enormes perjuicios personales y económicos; debemos apoyarles con medidas que les ayuden a recuperar cuanto antes su propiedad y paliar los perjuicios económicos que sufren al tener que seguir soportando gastos e impuestos por unos bienes de los que no puedan disponer durante períodos prolongados de tiempo.

Dado que nuestro Ayuntamiento goza de una buena situación financiera, con abundante remanente, proponemos al Pleno la adopción del siguiente,

ACUERDO,



CONCELLO DE OLEIROS

- 1.- Que la Concejalía de Interior y Seguridade Ciudadana, Economía, Hacienda y Urbanismo asesore a los propietarios para que recuperen cuanto antes sus bienes y adopte las medidas necesarias para que no se produzcan más ocupaciones. Asimismo ponga a su disposición todos los medios municipales, como identificación de los ocupantes, policía municipal y departamento jurídico, para la evacuación de la vivienda lo antes posible.
- 2.- Eximir a los propietarios de las viviendas ocupadas del impuesto de bienes inmuebles, así como del pago por el suministro de agua, recogida basuras, y tasas por vados que afecten a dichas viviendas.
- 3.- En el caso de que los ocupantes ocasionen a los propietarios gastos por suministros de electricidad, gas u otros no consentidos, el Ayuntamiento se los reembolsará previa la correspondiente justificación.”

Intervén o Alcalde, D. **Angel Garcia**, manifestando que o seu grupo non pode aprobar esta moción por razóns obvias, sobre todo o do punto terceiro e di que actualmente hai moi poucos veciños, dous ou tres, que teñen a súa vivenda ocupada e que o Concello sempre defende e atede aos veciños cando teñen este problema de que lles ocupan a súa vivenda, ocupas que non necesitan unha vivenda, conta que o outro dia veu unha persoa que quería ocupar unha vivenda en Bastiagueiro e que era a mesma que xa ocupara outra na Ponte Pasaxe e que quería cartos para saír de ahí. Dí que é alarmante que desde os Xulgados non se actúe contra este tipo de xente e que é unha vergonza que na xustiza neste país neste tema non actúe como debería e funcionen tan mal e pensa que si ocuparan a casa dun xuíz, igual cambiábase a lexislación e actuábase doutro xeito. Conta outro caso dunha familia con dous nenos pequenos que viñeron ao Concello porque ocuparon unha casa abandonada no Carballo, sen portas, que os donos deixaron abandonada e meteronse nunha vivenda en estado ruinoso, mentras non atopan outro sitio donde vivir en mellores condicións.

Manifesta que hai dous tipos de ocupas, os que se meten nas vivendas e estorsionan aos donos pedindo cartos para abandonar a vivenda, e os que non teñen donde vivir, que están sufrindo unha situación tremenda e que o Concello vailles votar unha man, para ver como axudarlles, dandolles alimentos, medicinas e atendendo no que necesiten, e que non é o caso do fondo da cuestión que o grupo municipal “socialista” presenta que é a ocupación de vivendas de cidadáns por delincuentes.

Votación da urxencia

Sen máis, da orde do alcalde pásase á votación da urxencia da moción presentada polo grupo municipal “Popular”, producíndose o seguinte resultado, **doce (12) votos en contra** do grupo municipal “Alternativa dos Veciños” e **sete (07) votos a favor** (catro (04) do grupo municipal “Popular”, dous (02) do grupo municipal “Socialista” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-Ciudadanos).

En consecuencia e pola maioría indicada, o **Pleno da Corporación acorda rexeitar a moción presentada** polo grupo municipal “Popular”.

*** rogos e preguntas**



CONCELLO DE
OLEIROS

7.4.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre acceso a praias de minusválidos

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **José Angel Bonome**, sinalando:

Solicitan que se faga un estudio para mellorar o acceso ás praias buscando a accesibilidade á auga por parte das persoas con algunha minusvalía, nos areas do Concello que é un Concello turístico e como tal que se promova e se contemple nos presupostos do ano que ven poder adaptar este tema . Pensa que en Coruña e en Oleiros non hai ningunha e o Alcalde contéstalle que si hai ramplas para entrar nas praias aínda que non chegan a auga.

7.5.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre caída de árbores na vía pública

Expón o rogo a concelleira do grupo municipal “Popular”, D^a. **M^a Dolores Silva**, sinalando:

Volven a solicitar que se faga unha revisión nos parques, das árbores do Concello e se tomen as medidas necesarias para evitar árbores caídos como foi o caso do Castelo de Santa Cruz ou o parque de Santa Cristina e tamén piden que se proceda a podar as polas que impidan a circulación normal dos peatóns polas beirarrúas, como pasa na rúa Maria Casares, Montrove, obrigando aos viandantes a baixar à estrada e sortear ditas polas.

7.6.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre bancos en Rialta

Expón o rogo a concelleira do grupo municipal “Popular”, D^a. **M^a Dolores Silva**, sinalando:

Que se proceda ao mantemento dos bancos de Rialta que levan meses sen que se efectúe a súa limpeza, e cando se nos informou no pleno tras sucesivas peticións, que a empresa contratada para tal fin era a que realizaba a limpeza e mantemento periódico de tódolos parques do Concello. Intuímos que estes traballos non se realizan coa asiduidade que se había establecido. En novembro do 2020 sacouse esta licitación para a contratación por catro anos na que se reflexaba que se faría un seguemento quincenal. ¿Qué tipo de seguimento se está a facer nestes momentos?

7.7.- Rogo do grupo municipal “Popular” sobre bolardos na rúa Golfiño

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **José Angel Bonome**, sinalando:

Na AC-173 na Rúa do Golfiño, recentemente instaláronse un bolardos para mellorar a seguridade do paso de peatóns que impiden o aparcamento para facilitar o acceso aos locais comerciais existentes neste tramo, como é o caso do supermercado ou a farmacia. Por este motivo os veciños están solicitando a retirada de ditos bolardos e, é polo que o partido popular de Oleiros, rógalle que trasladen o paso de peatóns uns metros situando próximo á parada do bus e permitindo así a retirada dos bolardos situados precisamente para evitar o aparcamento e garantir a visibilidade no paso de peatóns e solicitan que por parte dos técnicos do Concello se realice un informe para trasladar á Xunta de Galicia a solicitude da retirada de ditos bolardos.

7.8.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre praza na rúa Xuncal

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jorge Pérez**, sinalando:

Aproveitando que se tratou hoxe o tema da Ordenanza das tarxetas de estacionamento para persoas con discapacidade e mobilidade reducida, queren constatar no pleno que recibiron a petición dun veciño da rúa Xuncal en Perillo para que se proceda á instalación dunha nova praza de aparcamento para persoas con discapacidade nesa rua, dado que a súa nai ten dificultades severas de mobilidade e necesita que se dote doutra praza, porque a que hai está constantemente ocupada por outra persoa con esas mesmas necesidades.

7.9.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre iluminación na rúa Edreira

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jorge Pérez**, sinalando:

Reciben unha petición dun veciño da rúa Edreira para que a trasladen ao Concello que se dote de iluminación pública a rúa da Edreira que non conta con ningún punto de luz.

7.10.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre incorporación á estrada de Montrove

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jorge Pérez**, sinalando:

A incorporación á estrada de Montrove desde a urbanización O Vieiro conleva moito perigo e o espello que está situado xusto en fronte donde está o restaurante “Dame la Brasa” é moi pequeno e a visibilidade é moi reducida,



CONCELLO DE
OLEIROS

e poderían producirse bastantes accidentes, polo que rogan se busque unha solución para mellorar a seguridade das vías.

7.11.- Rogo do grupo municipal “Socialista” sobre apagóns

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jorge Pérez**, sinalando:

Este rogo é xa un gran clásico e rogan que se solucione dunha vez os apagóns que en diversos puntos deste Concello, como por exemplo en Mera, se veñen producindo desde fai uns 7 anos, algo que xa se solicitou moitas veces neste pleno .

7.12.- Rogo do grupo municipal do grupo “Mixto-Ciudadanos” sobre contedores mal colocados

Expón o rogo o concelleiro do grupo municipal “Mixto-Ciudadanos”, D. **Manuel J. Moineiro**, sinalando:

A este pleno soamente traen un rogo e o van facer en castelán, algo atípico pero que o fan así para que todo o entenda todo o mundo, *“Cuando la oposición trae ruegos al Pleno, al menos en el caso del grupo municipal de Ciudadanos es, porque ven cosas que se pueden mejorar o porque algunos vecinos solicitan mejorarlas. En general se atienden “de aquella manera”, pero generalmente hay ruegos sencillos. Por ejemplo en el pleno del mes pasado, solicitamos un ruego sobre la situación que se produce en cuatro contenedores de tamaño considerable que están en el cruce de la r/ Piscina y la r/ Miradoiro, en los que cientos de personas todas las mañanas cuando suben de la r/ Piscina para trabajar en Coruña, giran allí. Y es difícil de entender que cuando tenemos un aparcamiento que tiene exactamente 47 metros, los cuatro contenedores están exactamente a 5,70 metros de la esquina porque parece ser que algún iluminado dijo en su momento que era correcto y claro cuando los conductores llegan a esa zona, irrumpen con la parte delantera del coche en el carril y tienen que levantarse para ver, entonces, una de dos, o todos los conductores de la zona tienen pocas luces o es tan complicado, cuando además hai 40 metros de espacio, que se coloquen los contenedores mas adelante y asi automaticamente todas las personas que van a trabajar y que tuercen por ahí, tendrán visibilidad. Con esto quiero decir que hay ruegos sencillísimos de arreglar porque son de sentido común y no puedo entender porque algo tan sencillo, no se resuelve.”*

7.13.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre pouca sinalización de estradas cando limpa o tractor

Formula as pregunta o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jorge Platas**, manifestando:

Tal e como se recolle na norma 8.3 de sinalización de estradas dí que deberían sinalizarse convintemente as labores de limpeza e mantementos levados a cabo en ditas estradas e viron fai pouco o tractor do Concello – esto non implica ao tractorista, que traballa a reo- pero si que polas tardes que normalmente está él solo traballando, non se sinaliza correctamente. Fai uns dias en Lamastelle non estaba ben sinalizado e estaba na rúa dando para adiante e para atrás co tractor, coa perigosidade que eso conleva. E a pregunta é saber porque vai él solo co tractor polas tardes.

7.14.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre rampla á praia en Santa Cristina

Formula as pregunta o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Jorge Platas**, manifestando:

A rampla que se construiu en Santa Cristina de acceso á praia remata en dous escalóns, impedindo o acceso á persoas con problemas de mobilidade e preguntamos porqué remata así, xa que si rematase en rampla poderían chegar á area.

7.15.- Pregunta do grupo municipal “Popular” sobre ratas en contedores de lixo

Formula as pregunta o concelleiro do grupo municipal “Popular”, D. **Antonio J. Corredoira**, manifestando:

¿Qué medidas ten previsto tomar o goberno en Santa Cristina diante da panadería Deben onde nos contedores de lixo seguen observándose ratas de tamaño considerable e xa se manifestou en outros plenos que o espacio onde están os contedores estaba totalmente deteriorado

7.16.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” sobre a rúa do Souto

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jorge Pérez**, sinalando:



CONCELLO DE
OLEIROS

Tras mais de un ano coa rua do Souto feita un desastre para os peatóns e o tráfico rodado, fai pouco mais dun mes, o Concello iniciou as obras de execución de abastecemento de auga na rúa, obrigando ademais a retirar o xa executado pola Deputación e volvelo a executar co conseguinte custo que esto supón adicionalmente. Poderían decirlle aos veciños de Oleiros e especialmente aos que residen na zona, ¿cando se van a rematar as obras municipais e porque razón se retrasou tanto o seu inicio? Teñen entendido que actualmente hai catro operarios traballando nesas obras.

7.17.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” sobre paso de peatóns no Couto

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jorge Pérez**, sinalando:

No pleno onde asistiron varios veciños e veciñas de Rua do Couto, o Alcalde comprometeuse a adoptar medidas extraordinarias e eficaces ante a Xunta de Galicia para que instalase o paso de peatóns, unha vez rexeitada polo Concello a proposta da Xunta de Galicia de asumir a titularidade da vía. ¿Pode explicar si ditas medidas xa foron executadas, ou se van a executar ou soamente se limitaban aos carteis que posteriormente lle obrigaron a retirar?. Si eso é así, ¿E isto todo o que pode facer como Alcalde por estes veciños?

7.18.- Pregunta do grupo municipal “Socialista” sobre a urbanización SUD-1 en Cividanes

Formula a pregunta o voceiro do grupo municipal “Socialista”, D. **Jorge Pérez**, sinalando:

O pasado verán o goberno aprobou un modificativo de crédito por un importe de 312.000 euros, o que supón un 14,97% sobre o importe inicialmente proxectado no contrato, estando ao límite do 15% que permite a Lei. Entre outras cousas propoñíase eliminar a estación de bombeo e os dous tanques de tormentas, que ao parecer xa estaban instalados, pero concluído xa o prazo de execución das obras fai moitos meses, está vaiado, non saben cando se van rematar as obras, non saben o que falta por facer, si xa se iniciaron as obras correspondentes a ese modificativo de crédito e cando se prevé que esa urbanización esté rematada e que os viais se abran ao público.

7.19.- Pregunta do grupo municipal Mixto “Ciudadanos” sobre contedores mal colocados.

Expón a pregunta o concelleiro do grupo municipal “Mixto-Ciudadanos”, D. **Manuel J. Moineiro**, sinalando:

¿Vai facer vostede algo para que se movan os contedores entre a r/ Piscina e r/ Miradoiro?

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, manifestando que a obra na Rua do Souto, vai a rematar cando se rematen as obras, xa que é unha rúa na que se cambiou todo porque era unha Corredoira de 5 metros e agora vai ser unha rúa con 16 metros de ancho con tódolos Servizos e con moitos traballos e unha obra complexa, grandes e na que se complicou tamén polo cableado de Fenosa e de Telefónica e, é unha obra que está moi avanzada e que vai rematar pronto. En canto á pregunta na rúa do Couto, xa se tomou a medida dos carteis, que foi a que máis enfadou á Xunta de Galicia e o resultado vaise ver pronto, porque xa van 3 accidentes nun mes, e seguramente a Xunta vai cambiar o límite de 70 a 50. En canto á pregunta do SUD-1 Cividanes, esta obra está pendente de Augas de Galicia e non pendente do Concello, porque desde donde remata a urbanización ata a Praia hai unas tuberías canalizadas do río que é ilegal totalmente e Augas de Galicia ten que tomar as medidas oportunas; é mais mandou ao Concello unha carta dicindo que dentro de dous anos vaise facer un estudo sobre inundacións e o que lle contesta o Concello é que o ten que facer agora e non dentro de dous anos.

En canto aos rogos e preguntas que propón o Grupo municipal Popular, contesta que as ratas hainas en moitos sitios e, en Santa Cristina tamén porque hai unha zona que unha serie de persoas en lugar de botar o lixo nos contedores a deixan fora e iso é o que xenera que haxa ratas, tanto en Santa Cristina como en outros lugares do



CONCELLO DE
OLEIROS

Concello, principalmente en núcleos urbanos e para rematar con este problema, a xente ten que ser cívica e tirar o lixo dentro do contedor.

Interveñen os concelleiros do grupo municipal popular, D. **Jose Angel Bonome** e D^a **M^a Dolores Silva** decindo que ademais de ese problema, tamén hai grietas e afundimento na zona onde están instalados os contedores, ao que lles contesta o Sr. Alcalde que iso vaise facer todo novo coas obras que vai a abordar a Deputación Provincial da Coruña. En canto á rampla de Santa Cristina e de Bastiagueiro que son as dúas que hai, pois son de acceso á Praia, pero non chegan á auga, pero no relativo a Santa Cristina falta a segunda fase e dentro dun mes aproximadamente o Goberno Central vai sacar área da Ponte Pasaxe e votala nesa zona da Praia de Santa Cristina, polo que van subir mais de dous metros o nivel de área nesa zona de “Casa Sara” e por isto quedaron eses dous escalóns ao final da rampla. Relativo ao tema de tractor o Alcalde dí que vai mirar o tema, xa que efectivamente si traballa nun camiño ou nunha Corredoira pois non pasa nada, pero si está a traballar nunha estrada xeral pois si debería estar con outra persoa. En canto a mover os contedores na rua Miradoiro, a empresa dos contedores, xa os cambiou e os puxo a bastantes metros de onde estaban inicialmente e como aquela rúa ten uns 16 metros de ancho, pois a visibilidade é correcta. Intervén o concelleiro do grupo municipal mixto-ciudadanos para deixar constancia de que se deberían mover mais metros, xa que non hai visibilidade suficiente. O alcalde di que pasa por ali, que alí viven os seus fillos e pensa que non existe tal perigosidade agora mesmo, ao mover os contedores.

En canto à incorporación da estrada que ven de Montrove a San Pedro é un tema parecido ao anterior, xa que é un pouco perigoso para saír, pero hai que saír con precaución e mirar o espello, que sí funciona e que é mais grande do normal e como o concelleiro do grupo municipal socialista insiste en que non hai unha boa visibilidade, o Alcalde contestalle que vai estudar o tema. En canto a iluminación da rúa Edreira di que ten luz pública, sendo unha rúa que está iluminada desde hai moitos anos, e tamén as rúas contiguas e no relativo á praza do Xuncal, fíxose unha obra importante, deixando a rua nova e si fan falta plazas de minusválidos, vaise amirar si se poden poñer mais, o que non se pode poñer unha rúa toda para minusválidos, xa que hai zonas concretas para eso, por exemplo en Os Regos, unha zona púxose para as nais/pais que levaban os fillos á escola e outras puxéronse enfrente porque había varios veciños que as necesitaban, pero lamentablemente atópanse sempre baleiras, coa falta de plazas que hai nos Regos.

Intervén a concelleira do grupo municipal popular, D^a **M^a Dolores Silva**, preguntando si cando unha persoa solicita unha praza de aparcamento de minusválidos e despois cambia de enderezo, teñen a obriga de comunicalo ao Concello, porque hai casos nos que se solicitaron as prazas deste tipo e despois nadie as usa porque xa non residen alí ao que o Alcalde contéstalle que ditas prazas vanse revisar.

En canto á rúa Golfiño, o Alcalde contesta que teñen que facer a suxerencia á Xunta de Galicia, o Concello de Oleiros fixo as obras, tirou os peches, ampliou a estrada, construíron os peches de novo, cunha inversión moi



CONCELLO DE
OLEIROS

elevada por parte do Concello cando é unha estrada da Xunta de Galicia e ven agora e pon uns bolardos en 60 metros, cando se soen poñer en 10 metros como moito, porque é unha estrada anchísima, con moita visibilidade, polo tanto o Alcalde contesta que teñen que suxerirlle este tema á Xunta de Galicia ao que o voceiro do grupo municipal popular lle pregunta si o paso de peatóns o fixo a Xunta ou o fixo o Concello, e o Alcalde contesta que o paso de peatóns está ben colocado e sinte que o da farmacia non teña un aparcadoiro diante pero para ir á farmacia non hai que aparcarse xusto diante da porta, polo que o Concello fixo a obra co beneplácito e todos os informes da Xunta de Galicia e fíxose todo onde dixo a Xunta e o problema do aparcamento da farmacia xa o había antes da obra, xa protestara porque quería un aparcamento diante da farmacia e agora hai aparcamentos que non houbo nunca. No relativo aos bancos de Rialta pois o Concello está pendente de revisar parte do mobiliario de Rialta e xa se mira que fai falta. En canto á caída das árbores como o do Castelo de Santa Cruz pois caeu non porque non se podara, xa que estaba ben cuidado, hai unha persoa para o cuidado dos xardíns do Castelo e caeu igualmente como a pola do eucalipto que entre tres persoas non se abraza debido ao seu tamaño no parque de Santa Leocadia e son cousas que pasan.

Sen máis asuntos que tratar o alcalde dá por rematada a sesión ás 21.30 h., para deixar constancia dos acordos tomados e do acontecido estendo esta acta en trinta e sete (37) páxinas e que eu, como secretaria, certifico. Dou fe; Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na propia sinatura da secretaria accidental e co visto e prace do alcalde.